

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 8 de abril de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día oito de abril de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(296).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión da sesión ordinaria do 18 de marzo e extraordinarias e urxentes do 21, 22 e 31 de marzo de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(297).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLA ALCALDÍA DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2016. EXPTE. 13878/101.**

Dáse conta do informe-proposta do 31/03/16, da xefa de negociado da Alcadía, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal.

“En cumprimento da instrución da base 31º de execución do orzamento en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados pola Alcadía, no primeiro trimestre do ano 2016.

EXPTE.	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACION	IMPORTE	TERCEIRO
13653-101	04/01/16	GASTOS ORGANOS DE GOBERNO	912.0.226.01.00	9096	17.999,00 €	ALCALDIA
13654-101	04/01/16	GASTOS DIVERSOS	912.0.226.99.00	13980	17.999,00 €	ALCALDIA
13676-101	04/01/16	GASTOS DE LOCOMOCION	912.0.231.00.00	14811	17.999,00 €	ALCALDIA
13677-101	04/01/16	GASTOS DIETAS ALCALDIA E PERSOAL STAFF	912.0.230.00.00	14754	6.000,00 €	ALCALDIA
13678-101	04/01/16	PUBLICIDADE INSTITUCIONAL	912.1.226.02.00	9109	17.999,00 €	ALCALDIA
13679-101	04/01/16	GASTOS SUBSCRIPCIÓNS	912.0.220.01.00	9111	17.999,00 €	ALCALDIA
13680-101	04/01/16	GASTOS MENSAXERÍA	912.0.223.00.00	9113	5.000,00 €	ALCALDIA
13681-101	04/01/16	GASTOS TRANSPORTE DE VIAXEIROS	912.0.226.01.00	9114	15.000,00 €	ALCALDIA
13682-101	04/01/16	DIFUSION DE PROGRAMAS E DISTRITOS	912.0.226.02.00	9105	17.999,00 €	ALCALDIA
13685-101	04/01/16	GASTOS ALUGUER EQUIPOS DE SON	912.0.205.00.00	9112	17.999,00 €	ALCALDIA
13686-101	04/01/16	SERVIZOS DE ALERTAS CORREO ELECTRONICO	912.0.227.99.05	9108	5.532,00 €	EUROPA PRESS SA
13687-101	04/01/16	SERVIZOS DE NOVAS	912.0.227.99.05	9260	11.111,00 €	EUROPA PRESS SA
13703-101	04/01/16	PROGRAMAS ALCALDIA	912.0.227.99.05	9257	17.999,00 €	ALCALDIA
13710-101	11/01/16	SERVIZOS ASISTENCIA VODAS CIVÍS CASTRELOS	912.0.227.99.10	10328	19.048,00 €	DAEGA PROTOCOLO E EVENTOS SL
13714-101	15/01/16	FESTEJOS POPULARES	912.0.226.09.01	10332	17.999,00 €	ALCALDIA
13715-101	15/01/16	GASTOS MONTAXES E DESMONTAXES	912.0.227.99.10	10336	17.999,00 €	ALCALDIA
13716-101	15/01/16	IMPRESIONS VARIAS EN DISTINTOS FORMATOS	912.0.227.99.10	10337	17.999,00 €	ALCALDIA
13724-101	08/01/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA IGUALDADE	231.1.226.02.01	20228	10.087,04 €	FARO DE VIGO SAU; LA VOZ DE GALICIA SA; RIAS BAIXAS COMUNICACIÓN SA

EXPT.E.	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACION	IMPORTE	TERCEIRO
13725-101	26/01/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA SEGURIDADE	133.0.226.02.00	20226	13.671,79 €	FARO DE VIGO SAU; LA VOZ DE GALICIA SA; RIAS BAIXAS COMUNICACION SA
13726-101	08/01/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA NORM. LING.	912.1.226.02.00	13991	21.296,00 €	FARO DE VIGO SAU
13727-101	08/01/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA NORM. LING.	912.1.226.02.00	13993	17.583,72 €	RIAS BAIXAS COMUNICACION SA
13730-101	08/01/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA NORM. LING.	912.1.226.02.00	13992	7.805,95 €	LA VOZ DE GALICIA SA
13731-101	08/01/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA ALCALDIA	912.1.226.02.00	13994	21.194,36 €	LA VOZ DE GALICIA SA; RIAS BAIXAS COMUNICACION SA
13732-101	08/01/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA ALCALDIA	912.1.226.02.00	13996	11.688,60 €	FARO DE VIGO SAU
13733-101	26/01/16	SUBMINISTRO MEDALLAS CORPORACION	912.0.226.01.00	13995	6.261,75 €	ANSORENA SA
13736-101	27/01/16	GASTOS PRODUCCIONS ANUNCIOS INSTITUCIONAIS	912.0.227.99.10	14421	21.464,00 €	ECOVIGO PUBLICIDAD SL
13744-101	20/01/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA EDUCACION	912.1.226.02.00	14618	7.551,85 €	FARO DE VIGO SAU; LA VOZ DE GALICIA SA; RIAS BAIXAS COMUNICACION SA
13745-101	20/01/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA CULTURA	912.1.226.02.00	15072	6.724,70 €	FARO DE VIGO SAU; LA VOZ DE GALICIA SA; RIAS BAIXAS COMUNICACION SA
13758-101	03/02/16	PUBLICIDADE EN PRENSA E RADIO DOS ACTOS ENTROIDO	912.1.226.02.01	15245	21.028,87 €	TRESYUNO COMUNICACION SL; EDITORIAL CASTRELOS SL; MEDIAWAVE GRUPO DE COMUNICACION SL; CADENA COPE SA; UNIPREX SA; RADIO VIGO SA; RIAS BAIXAS COMUNICACION SA; FARO DE VIGO SAU
13760-101	10/02/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA TRIBUTOS	912.1.226.02.00	17007	7.495,47 €	FARO DE VIGO SAU; LA VOZ DE GALICIA SA; RIAS BAIXAS COMUNICACION SA
13761-101	10/02/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA DEPORTES	912.1.226.02.00	17008	14.819,47 €	LA VOZ DE GALICIA SA; RIAS BAIXAS COMUNICACION SA
13762-101	10/02/16	CUÑAS PUBLICITARIAS SALON RETRO AUTO GALICIA	912.1.226.02.01	17011	3.271,11 €	RADIO BLANCA SA; UNIPREX SA; CADENA COPE SA; MEDIAWAVE GRUPO DE COMUNICACION SL

EXPTE.	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACION	IMPORTE	TERCEIRO
13783-101	12/02/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA XUVENTUDE	912.1.226.02.00	17009	7.575,08 €	FARO DE VIGO SAU; LA VOZ DE GALICIA SA; RIAS BAIXAS COMUNICACIÓN SA
13784	12/02/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA FESTAS	912.1.226.02.00	17695	5.050,06 €	FARO DE VIGO SAU; LA VOZ DE GALICIA SA; RIAS BAIXAS COMUNICACION SA
13785	18/02/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA PARTICIPACIÓN	942.0.226.02.01	24312	11.362,63 €	FARO DE VIGO SAU; LA VOZ DE GALICIA SA; RIAS BAIXAS COMUNICACION SA
13786	18/01/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA EMPREGO	241.0.226.02.00	23129	15.875,20 €	FARO DE VIGO SAU
13787	19/02/16	INFORMACION MUNICIPAL OBRIGATORIA EMPREGO	241.0.226.02.00	23130	10.250,39 €	LA VOZ DE GALICIA SA; RIAS BAIXAS COMUNICACION SA
13788-101	19/02/16	SERVIZOS DE EXPOSICIÓN PINTURA NA ALCALDIA AÑO 2016	912.0.226.09.00	18287	19.974,00 €	DOMINGO TEIXEIRA RODRIGUEZ
13808-101	25/02/16	SERVIZOS ASISTENCIA TECNICA SON PLENOS AÑO 2016	912.0.227.99.10	20320	9.225,04 €	SPICA SL
13809-101	01/03/16	GASTOS MENORES RECONQUISTA E VIGUESES DISTIGUIDOS	912.0.226.99.01	20321	17.000,00 €	ALCALDIA
13810-101	25/02/16	GASTOS IMPRESION HABANERAS E RECONQUISTA 2016	912.0.227.99.10	20322	8.150,88 €	ECOVIGO PUBLICIDAD SL
13811-101	01/03/16	PATROCINIO PUBLICITARIO TAZAS CONMEMORATIVAS RECONQUISTA	912.0.227.99.05	20999	21.175,00 €	FARO DE VIGO SAU
13817-101	04/03/16	GASTOS DE SON SEMANA SANTA E RECONQUISTA PRAZA INDEPENDENCIA	912.0.205.00.00	21160	4.658,50 €	SONIDO COLLAZO SL
13820-101	08/03/16	SUBMINISTRO AGASALLO VIGUESES DISTINGUIDOS 2016	912.0.226.01.00	22043	17.472,95 €	DANELKA SL; SILVERIO RIVAS ALONSO
13839-101	14/03/16	SERVIZO RETRANSMISIÓN GALA DO DEPORTE 2016	912.0.226.02.00	23643	16.320,00 €	INICIATIVAS AUDIOVISUALES SLU
13851-101	21/03/16	GASTOS VARIOS ACTOS SEMANA SANTA	912.0.226.09.01	25498	8.000,00 €	ALCALDIA
13857-101	21/03/16	GASTOS MONTAXE DECORACION GALA VIGUESES DISTINGUIDOS	912.0.227.99.10	25503	7.399,15 €	CORPORACION DE COMUNICACIONES SL
13858-101	22/03/16	GASTOS ANIMACION NA RUA FESTA DA RECONQUISTA	912.0.226.09.01	25504	13.300,30 €	ALCALDIA
13862-101	22/03/16	GASTOS DE SON FESTA RECONQUISTA E GALA VIGUESES DISTIGUIDOS 2016	912.0.205.00.00	26300	6.520,50 €	ERREYO SL; CENTRO GLOBAL ARDILIA SL
13863-101	22/03/16	GASTOS RETRANSMISIÓN GALA VIGUESES DISTINGUIDOS	912.0.227.99.05	26298	16.320,00 €	INICIATIVAS AUDIOVISUALES SLU

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**3(298).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN “LA CAIXA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “CAIXAPROINFANCIA”. EXPTE. 119949/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31/03/16, dáse conta do informe-proposta do 30/03/16, da xefa do servizo de Benestar Social, conformado polo xefe de área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar, que di o seguinte:

*“O Decreto 99/ 2012 que regula os servixos comunitarios básicos e o seu financiamento, establece o servizo de educación e apoio familiar, que integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos as familias, con obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mejora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia. O Concello de Vigo ademais do servizo de infancia e familia desenvolve actividades destinadas a traballar con rapaces vulnerables ou en risco, pola situación socioeconómica.*

*O Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social, o Concello de Vigo e a fundación “ LA CAIXA “ para o desenvolvemento do programa CAIXAPROINFANCIA pode reforzar estas actividades que se están a desenvolver.*

*Mediante CaixaProinfancia, a Obra Social “la Caixa” quere promover a creación de alianzas e colaboracións con terceiros a favor da infancia, motivo polo que este programa se desenvolve mediante a colaboración con entidades sen ánimo de lucro e trata de favorecer a creación dun ámbito estable de cooperación entre todos os axentes sociais, públicos e privados, que inciden no neno, nena, adolescente e as súas familias. En concreto, neste convenio establécese a cooperación coa Xunta de Galicia e cos Concellos para o logro dos obxectivos que se describen a continuación:*

- Favorecer o desenvolvemento das competencias do neno, nena e adolescente e da súa familia, que permitan mellorar os seus procesos de inclusión social e autonomía.*
- Promover o desenvolvemento social e educativo dos e das menores no seu contexto familiar, escolar e social.*
- Desenvolver e implementar un modelo de acción social e educativa integral que contribúa a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo dos nenos e nenas e das súas familias.*

*A realización de tales obxectivos require dunha formulación global e sistémica que considere a multifactorialidade que caracteriza as situacións de pobreza, para o que resulta esencial constituír esta fórmula de cooperación e coordinación.*

*O Convenio proposto no supón gasto para o Concello de Vigo*

En consecuencia, visto o que antecede, o informe do xefe de área, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política de Benestar e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, «ACORDO:

*PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social, o Concello de Vigo e a fundación “ LA CAIXA “ para o desenvolvemento do programa CAIXAPROINFANCIA .*

*SEGUNDO.- Designar a María Sierra Abraín como técnica interlocutora do Concello de Vigo en relación con este convenio.*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN “LA CAIXA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA CAIXAPROINFANCIA**

, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2016

**REUNIDOS:**

*Dunha parte, D. José Manuel Rey Varela, na súa condición de concelleiro de Política Social en virtude do Decreto 126/2015, do 4 de outubro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.*

*Doutra parte, Don Abel Caballero Alvarez alcalde do concello de Vigo, no seu nome e representación, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 124.4.a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia,*

*E doutra, D. Marc Simón Martínez, director corporativo da área Social da Fundación Bancaria Caixa d'Estalvis i Pensions de Barcelona, “la Caixa” (en diante, Fundación Bancaria “La Caixa”) con domicilio en Barcelona, Av. Diagonal 621-629, e con NIF G-58899998, actuando no seu nome e representación en virtude do artigo xx dos Estatutos da Fundación,*

*Todas as partes, na calidade con que interveñen neste acto, recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse e outorgar este convenio, a cuxo efecto*

**EXPOÑEN**

- I. *Que consonte o artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica, do 6 de abril de 1981, os artigos 58, 59, 60 e 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ditada en desenvolvemento do antedito artigo do estatuto, que regula o Sistema Galego de Servizos Sociais, os artigos 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 80.2.k) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia e as corporacións locais galegas comparten competencias en materia de servizos sociais.*
- II. *Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axustarán a súa actuación ao principio de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar con carácter conxuntural para o eficaz cumprimento das súas tarefas, determinando o artigo 195 as formas que poderá adoptar a dita cooperación.*
- III. *Que con data do 7 de outubro de 2015 a Xunta de Galicia e a Fundación Bancaria “la Caixa” asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento na Comunidade autónoma de Galicia do Programa CaixaProinfancia cuxa finalidade principal é a de facilitar á infancia afectada por unha situación de pobreza e vulnerabilidade social o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.*
- IV. *Que mediante CaixaProinfancia, a Obra Social “la Caixa” quere promover a creación de alianzas e colaboracións con terceiros a favor da infancia, motivo polo que este programa se desenvolve mediante a colaboración con entidades sen ánimo de lucro e trata de favorecer a creación dun ámbito estable de cooperación entre todos os axentes sociais, públicos e privados, que inciden no neno, nena, adolescente e as súas familias. En concreto, neste convenio establécese a cooperación coa Xunta de Galicia e cos Concellos para o logro dos obxectivos que se describen a continuación:*
  - *Favorecer o desenvolvemento das competencias do neno, nena e adolescente e da súa familia, que permitan mellorar os seus procesos de inclusión social e autonomía.*
  - *Promover o desenvolvemento social e educativo dos e das menores no seu contexto familiar, escolar e social.*
  - *Desenvolver e implementar un modelo de acción social e educativa integral que contribúa a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo dos nenos e nenas e das súas familias.*

*A realización de tales obxectivos require dunha formulación global e sistémica que considere a multifactorialidade que caracteriza as situacións de pobreza, para o que resulta esencial constituír esta fórmula de cooperación e coordinación.*
- V. *Que o concello Vigo, dado que comparte os obxectivos do programa e este se basea no traballo coordinado dos diferentes axentes sociais dun mesmo territorio ou barrio, desexa colaborar no desenvolvemento, subscribindo os obxectivos comúns de protexer a infancia, promover o seu benestar e evitar a transmisión da pobreza entre xeracións, na consideración de que os nenos e as nenas que crecen na pobreza ou exclusión social teñen menos posibilidades de ter un bo rendemento escolar, e que poidan gozar de boa saúde e aproveitar todo o seu potencial en fases posteriores da súa vida.*

*Por todo o exposto, as partes, na representación que cada unha delas ostenta, acordan subscribir este Modelo Tipo de Convenio de Colaboración que se rexerá polas seguintes:*

#### CLAUSULAS

## PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o concello de Vigo e a Fundación Bancaria "la Caixa", a fin de coordinar os esforzos dirixidos a optimizar a aplicación do Programa CaixaProinfancia nunha área xeográfica determinada dentro do ámbito urbano da cidade de Vigo. Este programa está destinado a facilitar tanto a mellora da situación dos nenos e nenas e das súas familias, como a que desenvolvan as competencias e o compromiso necesario que lles permita asumir con autonomía o devandito proceso de mellora. A colaboración prevista neste Convenio centrarase en establecer e desenvolver un procedemento de actuación que permita identificar ás familias que teñan menores e se atopen en situación ou risco de exclusión social, informadas da existencia do Programa Caixa Proinfancia e que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolvido con estas familias ao abeiro do programa coa finalidade de que este teña un carácter integral, así como todas as actuacións que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos do programa.

Desta forma búscase crear un marco común de traballo destinado a fixar procedementos concretos de actuación, así como metodoloxías conxuntas que se traduzan na promoción da transformación social e na mellora efectiva da situación dos e das menores e as súas familias afectados por unha situación de pobreza e vulnerabilidade social para o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.

Con este Convenio preténdese, en definitiva, establecer un marco de colaboración destinado a potenciar e garantir as iniciativas contidas no Programa CaixaProinfancia e a asegurar a máxima eficacia e eficiencia dos seus resultados.

Cando así se requira, a concreción das colaboracións específicas que resulten da creación do marco común de traballo que supón a subscripción deste convenio, realizaranse mediante a subscripción dos correspondentes Anexos específicos que as partes asinantes estimen convenientes, sen que isto supoña a asunción de compromisos por parte daquelas que impliquen obrigas xurídicas distintas das previstas neste convenio.

## SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A Consellería de Política Social, o Concello de Vigo e a Fundación Bancaria "la Caixa" comprométese a:

- Identificar e analizar conxuntamente a distribución territorial das situacións de vulnerabilidade social e de risco de exclusión que afectan a un número considerable de menores e familias do municipio de Vigo e que requiren, mais alá da atención a necesidades puntuais, dunha formulación global de actuación que incida de forma integral na transformación e mellora da realidade da infancia e das familias.
- Definir unha proposta de servizos conxunta que permita responder as necesidades dos e das menores e das súas familias e optimizar os recursos económicos públicos e privados que se dotan para estes efectos.
- Impulsar o "traballo en rede", como mellor resposta organizativa para o desenvolvemento da acción social, aproveitando os recursos públicos e privados existentes no territorio e os proxectos de actuación de carácter innovador que poidan ser achegados por entidades colaboradoras especializadas nos servizos e recursos contemplados no Programa.
- Impulsar o establecemento, dinamización e mantemento de continuas canles de comunicación e de transmisión de información.



- *Establecer con carácter prioritario estratexias e metodoloxías comúns que aseguren a implantación de fórmulas de prevención do risco a través de actividades adaptadas ás diversas realidades das e dos menores.*

*Respecto dos compromisos concretos de cada parte, a Consellería de Política Social comprométese a:*

- *Apoiar o Proxecto CaixaProinfancia a nivel institucional, mediante a súa divulgación e a información ás familias e menores, así como colaborar na súa implementación no municipio Vigo, mediante todas aquelas accións que permitan identificar ás familias que teñan menores e se atopen en situación ou risco de exclusión social, informadas da existencia do Programa Caixa Proinfancia e que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolto con estas familias ao abeiro do programa coa finalidade de que este teña un carácter integral, así como todas as actuacións que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos do programa.*
- *Apoiar ás entidades non lucrativas colaboradoras na execución do Programa, que serán seleccionadas pola entidade responsable do devandito Programa CaixaProinfancia, mediante todas aquelas accións, como son as de carácter informativo, que teñan como obxectivo desenvolver unha estratexia coordinada a nivel autonómico.*
- *Designar como interlocutor da Consellería a un responsable técnico de cada provincia, para a execución do Proxecto CaixaProinfancia.*

*Pola súa parte, o Concello Vigo comprométese a:*

- *Apoiar o Proxecto CaixaProinfancia a nivel institucional, así como colaborar na súa implementación no seu municipio impulsando que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolto coas familias, ao abeiro do programa CaixaProinfancia, coa finalidade de que estas sexan atendidas de forma integral.*
- *Apoiar ás entidades non lucrativas colaboradoras na execución do Programa, que serán seleccionadas pola entidade responsable do devandito Programa CaixaProinfancia, no municipio de Vigo no que se refire ao establecemento de contactos e redes e a coordinación co persoal público referente, a nivel local, no ámbito social nos tres ámbitos prioritarios desde os que se desenvolve a acción social, educativa e sanitaria.*
- *Designar como interlocutor do Concello a un responsable técnico, con competencias en materia de servizos sociais.*

*Por último, a Fundación Bancaria “La Caixa” comprométese a:*

- *Seleccionar, financiar, dinamizar e coordinar ás entidades non lucrativas colaboradoras que participan no Proxecto CaixaProinfancia mediante o establecemento de mecanismos de relación que inclúen a creación dun marco común de traballo para marcar uns procedementos concretos que guían a actuación e que faciliten o traspaso de información co obxectivo de establecer formas propias dun traballo en rede e sistémico.*
- *Manter informados ao Concello de Vigo e a Xunta de Galicia e facilitarlles o acceso á información que precisen sobre a evolución do Proxecto CaixaProinfancia.*

*No Anexo I, que se incorpora formando parte deste convenio, especificase o Modelo de traballo do Programa CaixaProinfancia.*

### **TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*Co fin de dar cumprimento aos contidos do convenio, tras a súa sinatura, constituirase unha Comisión de Seguimento con representación de todas as partes en réxime de paridade.*

*Esta comisión responsabilizarase da coordinación, seguimento e avaliación das accións realizadas no marco deste convenio.*

*A Comisión de Seguimento quedará integrada polo Director Xeral de Inclusión Social ou persoa en quen delegue, o/a alcalde/sa do concello de Vigo ou persoa en quen delegue, o director corporativo da área Social da Fundación Bancaria "la Caixa" ou persoa en quen delegue e unha persoa máis en representación de cada institución.*

*Esta Comisión reunirse preferentemente con carácter semestral, por proposta de calquera das partes. Calquera das partes poderá así mesmo convocar unha reunión con carácter extraordinario cando o estime conveniente.*

#### **CUARTA.- PUBLICIDADE**

*En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este acordo será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e a Dirección Xeral de Inclusión Social remitirá os datos necesarios para a publicidade do acordo nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do acordo leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.*

*Así mesmo, as entidades asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ao acordo asinado no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.*

*Os datos referidos integrarán un ficheiro responsabilidade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ante a que se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.*

*Calquera outra publicidade que se realice do contido deste convenio, así como das actuacións incluídas nel, requirirá da autorización das institucións que o subscriben, debendo figurar sempre, no medio de difusión que se utilice, o anagrama delas.*

#### **QUINTA.-VIXENCIA**

*Este convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 decembro de 2018, podendo ser prorrogado, previo acordo das partes, de xeito que cada prórroga teña unha duración de dous anos.*

*Transcorrida a súa vixencia, as tres partes implicadas procederán á avaliación da colaboración establecida e dos resultados conseguidos e valorarán a procedencia de continuar coa colaboración.*

#### **SEXTA.-INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

*O persoal, de ser o caso, dedicado pola Fundación Bancaria "la Caixa" á execución deste convenio, en ningún caso, terá vinculación xurídico-laboral con ningunha das outras dúas partes.*

#### **SÉTIMA.- CARÁCTER DO CONVENIO**

*Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas. O incumprimento das ditas cláusulas por calquera das partes será causa da súa resolución.*

*Este convenio non implica obrigación económica para a Facenda da Comunidade Autónoma nin para a Administración local respectiva.*

#### OITAVA.- XURISDICIÓN COMPETENTE

*Este convenio, de carácter administrativo, queda suxeito á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e rexerese polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e o Decreto 2568/1986, do 28 novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

#### NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

*Con respecto aos datos de carácter persoal que puideran derivarse durante a vixencia dos Convenios asinados, as partes asinantes quedan expresamente obrigadas ao cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ao seu Regulamento de Desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, así como ás disposicións que en materia de protección de datos se encontren en vigor durante o período de vixencia deste instrumento de colaboración.*

*Este Convenio de Colaboración non implica cesión nin comunicación de datos de carácter persoal por parte das Administracións públicas asinantes á outra parte conveniente, todo isto sen prexuízo dos datos persoais que se poidan recabar directamente das propias familias seleccionadas por parte da entidade responsable do programa, sempre co previo consentimento das persoas integrantes daquelas.*

*E para que conste e en proba de conformidade, subscríbese este convenio por triplicado e para un só efecto, no lugar e data ao principio indicados.*

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL

José Manuel Rey Varela

O DIRECTOR CORPORATIVO DA ÁREA  
SOCIAL DA FUNDACIÓN "LA CAIXA"

Marc Simón Martínez

O/A ALCALDE/SA DO CONCELLO DE VIGO

#### **4(299).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DE COTAS PENDENTES Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA CALDAS DE REIS 1, POLA VIVENDA MUNICIPAL 2º A. EXPTE. 119551/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/03/16 e o informe de fiscalización do 29/03/16, dáse conta do informe-proposta do 16/03/16, do xefe de área de Benestar Social, conformado pola concelleira-delegada de Política de Benestar, polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*"A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 4 de marzo de 2011, acordou a aceptación da cesión de vivendas de promoción pública feita polo IGVS a favor do Concello de Vigo. A citada cesión foi asinada en escritura pública o 2 de abril de 2012. Entre as*

vivendas cedidas se atopa a situada na rúa Caldas de reis, 1 2ºA, destinada a vivenda de transición para usuarios en exclusión ou risco de exclusión social.

Según os antecedentes que constan no servizo de Patrimonio o último pago da gastos de comunidade efectuado foi aprobado na XGL de 4 de xullo de 2014, liquidándose as obrigas pendentes ata o mes de xullo de 2014.

Según os comunicados da comunidade de propietarios (CIF H 36691129), remitidos a través da Gestoría Maigler, nº de docs. 150021975 e 160028478 o piso 2º A, propiedade do Concello de Vigo, mantén unha débeda que ascende a 2.850,00 €, que correspondenaos seguintes recibos:

Cuotas ordinarias: 950,00 €( recibos agosto/2014 a febrero 2016- 19x 50 € .

Cuotas extra fachada: 1.900,00 € ( recibos agosto/2014 a febrero 2016- 19x 100 €.

Acheganse no presente expediente os doc. aportados pola comunidade.

Polo exposto, e previo informe da intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aboar a comunidade de Propietarios da rúa Caldas de Reis 1, a cantidade de 2.850,00 euros correspondentes a débeda pendente por parte do Concello, dende agosto de 2014 ( incluído ) ata febreiro de 2016 ( incluído), polo importe das cuotas ordinarias (950,00 €) e cuotas extraordinarias de rehabilitación de fachada ( 1.900,00 € ) da vivenda de propiedade municipal da rúa Caldas de Reis nº 1 2º A, con cargo á partida “ mantemento de comunidades” 9200 2120005 do orzamento vixente.”

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

### **5(300).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XVII MEDIO MARATÓN GRAN BAHÍA VIG-BAY” O VINDEIRO 10 DE ABRIL DE 2016. EXPTE. 14867/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 04/04/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### **“1.- ANTECEDENTES:**

A entidade Club Corredores Vig-Bay con CIF (G-36862191), solicitou o día 18-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150147730), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XVII MEDIO MARATON GRAN BAHIA VIG-BAY
- Data: 10 DE ABRIL DE 2016
- Horario: 10.15h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 10 de abril de 2016; a proba

comenzará ás 10.15h e terá a súa saída dende o Verbum en Samil, para continuar pola Avda de Samil sentido a estrada de Canido, Canido, Cesáreo Vázquez, Ricardo Mella, Estrada PO-325, Concello de Nigrán para rematar en Baiona.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil.

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Corredores Vig-Bay con CIF (G-36862191), a organizar o vindeiro domingo 10 de abril de 2016, a proba deportiva denominada XVII MEDIO MARATON GRAN BAHIA VIG-BAY, esta proba deportiva comenzará ás 10.15h e terá a súa saída dende o Verbum en Samil, para continuar pola Avda de Samil sentido a estrada de Canido, Canido, Cesáreo Vázquez, Ricardo Mella, Estrada PO-325, Concello de Nigrán para rematar en Baiona.”

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **6(301).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XL CROSS ESCOLAR CEIP COUTADA BEADE”, O VINDEIRO 10 DE ABRIL DE 2016. EXPTE. 14866/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 04/04/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

### **“1.- ANTECEDENTES:**

A entidade CEIP, con CIF (G36616837), solicitou o día 30-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150153539), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XL CROSS ESCOLAR CEIP COUTADA BEADE

- *Data: 10 ABRIL DE 2016*
- *Horario: 10.00h A 14.00h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 10 de abril de 2016; esta proba comenará ás 10.00h e rematará ás 14.00h, o percorrido proposto pola organización terá lugar polo Cño Alen, e Cño Lago.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

## **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

## **3- PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar á CEIP, con CIF (G36616837), a organizar o vindeiro domingo 10 de abril de 2016, a proba denominada XL CROSS ESCOLAR CEIP COUTADA BEADE; esta proba deportiva comenará ás 10.00h e rematará ás 14.00ha proba percorrerá polo Cño Alem e Cño Lago.”*

### **Acordo:**

*A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.*

## **7(302).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROCEDIMENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DO MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO-2016. EXPTE. 17668/332.**

*Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 07/03/16 e o informe de fiscalización do 21/03/16, dáse conta do informe-proposta do 04/03/16, do xefe da área de Servizos Xerais, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:*

*“A conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial de Vigo é competencia propia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei*

27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (art. 25.2, apartado n).

Como en anos anteriores, co criterio de acadar unha maior economía, axilidade e operatividade e para potenciar a maior participación dos consellos escolares na conservación dos colexios públicos, a Concellería de Educación desenvolve o presente expediente para a xestión directa de fondos municipais no mantemento dos centros públicos de educación infantil e primaria (en adiante, Programa Autoxestión), correspondente ao ano 2016. O Programa Autoxestión é un sistema polo cal o Concello de Vigo entrega aos Consellos Escolares unha parte da partida económica anual correspondente (3230 2120000 "Reparación e mantemento edificios colexios"), para que poidan acometer obras de mantemento, conservación, reparación e seguridade no seu centro, durante cada exercicio presupostario; no presente expediente, no periodo comprendido entre o 01/01/16 e o 31/12/16. Interesa recalcar, como concepto vertebrador deste programa, que as obras de mantemento que o centro debe afrontar deben de fundamentarse no MANTENIMENTO PREVENTIVO dos elementos (sobre todo dos estruturais, por cuestións de seguridade) que sexan susceptibles de incluírse en tal concepto. Así, o mantemento e reparación dos colexios públicos realizarase do seguinte xeito:

- ✓A UTSE (Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación) realizará as obras de mantemento e conservación de maior entidade, complexidade e contía económica, así como aquelas que podan afectar a elementos sensibles da edificación ou requiriran dunha maior especialización no seu deseño e control.
- ✓Os Consellos Escolares dos centros educativos afrontarán o mantemento, conservación e reparación das súas instalacións mediante actuacións preventivas de pequena entidade co PROGRAMA AUTOXESTIÓN. Nestas pequenas tarefas de mantemento tamén ten unha importancia destacada o traballo do persoal municipal adscrito ao Servizo de Educación que desenvolve as súas funcións nos centros educativos, os VIXILANTES- PORTEIROS.
- ✓Pode suceder que, ao longo do ano, un determinado centro escolar esgote o seu presuposto do Programa Autoxestión e non poda facer fronte ás actuacións de mantemento que lle corresponderían; neste caso, xustificadas todos os gastos, o Servizo municipal de Educación asumirá, ata o remate do ano, o mantemento que debería facer o Consello Escolar do centro correspondente.

Para unha mellor optimización dos recursos municipais destinados a estes fins, así como para clarear as competencias e procedementos das tarefas de conservación e mantemento diante dos equipos directivos dos centros públicos de ensino, a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) do Concello de Vigo ten realizado unha Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos, que se achega no expediente, na que se presentan e centran convenientemente todos estes aspectos; Consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 16 de maio de 2014, polo que se aprobou o contido refundido e consolidado da "Guía Técnica de Mantemento para os centros escolares públicos", expte. 16026/332).

Tendo en conta a situación orzamentaria, así como as indicacións da citada Guía con respecto aos traballos a desenvolver por cada unha das partes, redactouse, para o ano 2016, o correspondente Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria para o ano 2016, que se achega no presente expediente. Neste documento, en base ao indicado no baremo que figura na base SÉTIMA, estímase a cantidade que corresponde

neste ano a cada centro público, reflectida no seu Anexo I. A contía global anual ascende a 295.830,00 euros (para determinar exactamente o monto que corresponde a cada colexio faise un cálculo dos puntos que corresponden a cada centro e o seu equivalente en euros). No Anexo I indícase, pois, a distribución destes fondos entre os diferentes colexios de infantil e primaria de Vigo.

De resultas do establecido na base SEGUNDA do citado procedemento, haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2016 aos centros, e conforme ao establecido na base TERCEIRA do Programa Autoxestión, naqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2015), ese saldo detraeráse da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento para este ano conforme se reflicte no Anexo II, cun montante total de 288.160,07 euros (DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL CENTO SESENTA EUROS, CON SETE CÉNTIMOS). Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2016 será a indicada no Anexo I inicial, pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2015 + financiamento 2016). Complementariamente, non houbo ningún centro público de educación infantil, primaria e especial que manifestara intención de deixar de participar no Programa Autoxestión 2016, polo que participan nel a súa totalidade que ascenden a un total de 51 centros educativos: 7 centros públicos de educación infantil de 2ª etapa (3-6 anos), 43 centros públicos de educación infantil e primaria (3-12 anos) e 1 centro público de educación especial.

No que respecta á xustificación do financiamento municipal do Programa de Autoxestión 2015 ou procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo para o ano 2015, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 27 de marzo de 2015 (expte. 16789/332); cómpre indicar que a base terceira deste procedemento determinaba que a xustificación do financiamento municipal que se librou a cada centro educativo, debe ser presentada polos equipos directivos achegando a relación de facturas que se imputan ao mantemento ordinario e preventivo e unha certificación do acordo do Consello Escolar de centro no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para liquidación.

Seguindo o procedemento indicado, os 51 centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo participantes no programa municipal de Autoxestión 2015, teñen presentado no Servizo de Educación a citada documentación xustificativa, a cal ten sido revisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), resultando o gasto e actuacións realizadas en mantemento, conservación e reparación das instalacións escolares, conforme ao obxecto e finalidade do programa de financiamento municipal "Autoxestión 2015". Esta documentación xustificativa atópase arquivada nas dependencias deste Servizo Municipal de Educación.

Por todo o anteriormente exposto, sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA:

- 1) Aprobar o Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2016 (Programa Autoxestión 2016), que se achega no expediente.



- 2) Aprobar a autorización do gasto previsto para a posta en marcha do Programa de Autoxestión 2016, destinando para tal fin a cantidade de 288.160,07 euros (DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL CENTOSESENTA EUROS, CON SETE CÉNTIMOS), da partida 3230 2120000 "Reparacións e mantemento edificios colexios" do orzamento municipal vixente."

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROCEDIMENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO, PARA O ANO 2016

(Programa Autoxestión 2016)

(expte.: 17668/332

BASES

**PRIMEIRA.-** Destínase a cantidade de **295.830,00 euros para o ano 2016**, para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos, fundamentalmente no referido aos traballos de mantemento dos centros que precisen actuacións de pequena entidade, consonte coas consideracións que se especifican na **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos**, editada polo servizo municipal de Educación, expte. 16026/332, sobre competencias e procedementos de mantemento e conservación, que obra en poder dos respectivos equipos directivos dos centros públicos, e de conformidade co indicado no presente Procedemento.

**SEGUNDA.-** Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o baremo que se indica na base Sétima e que queda reflicido no **Anexo I**. Haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2016 aos centros, e conforme ao establecido na base Terceira do Programa Autoxestión, aqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2015), ese saldo detraerase da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento conforme se reflicte no **Anexo II**, cun montante total de **288,160,07 euros**. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2015 será a indicada no Anexo I inicial (**295.830,00 €**), pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2015 + financiamento 2016). A cantidade asignada para o presente ano 2016 farase efectiva do xeito que se indica no seguinte punto.

**TERCEIRA.-** O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada nun pago único, a principios do ano, consecuencia da tramitación e aprobación polo órgano competente do correspondente expediente para o Programa Autoxestión.

Durante o primeiro mes do ano seguinte, a Dirección do centro educativo presentará a xustificación da totalidade do importe librado (**Relación de facturas**), tal e como a continuación se indica, xunto coa correspondente **Certificación do acordo do Consello Escolar**. No caso de que o importe xustificado fora inferior ao importe librado, o correspondente saldo será deducido do seguinte ingreso a realizar (pago do ano seguinte) polo Concello de Vigo ao abeiro do Programa Autoxestión, contabilizándose a partir dese momento como importe a xustificar no novo periodo. Se o centro educativo non participara no citado programa nesa anualidade, o saldo deberá ser ingresado na conta do Concello, polo que a aportación municipal para a conservación e mantemento será xustificada na súa totalidade.

Esta documentación xustificativa, correspondente ao programa municipal de Autoxestión 2015, será supervisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) para o seu posterior informe do Servizo de Educación, acreditativo de que as facturas son conformes aos fins previstos nas presentes bases.

A xustificación de fondos librados deberá ser presentada pola dirección dos centros educativos do seguinte xeito:

1) Relación de facturas: conxunto ordenado de facturas (legais e orixinais) que xustifican gasto referido a traballos de mantemento ordinario e preventivo. As facturas deberán ser de curso legal e nelas debe figurar:

- A palabra "Factura", co seu número correspondente.
- Datos completos do proveedor: nome, CIF, enderezo.
- Concepto do gasto, o máis concreto posible.
- Importe total, co IVE desglosado ou indicando IVE incluído.

Os orixinais das facturas serán arquivados na secretaría do centro para, se é o caso e conforme á base Sexta do Programa Autoxestión, poder seren consultados polos servizos técnicos e económicos municipais.

O modelo de encabezado para a citada relación de facturas deberá ser **obrigatoriamente** deste formato:

Data factura	Nº factura	Proveedor	NIF proveedor	Concepto	Importe
--------------	------------	-----------	---------------	----------	---------

2) Certificación do acordo do Consello Escolar correspondente, no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para a liquidación. Esta certificación deberá recibirse no Servizo de Educación preferentemente dentro da segunda quincena do mes de xaneiro de cada ano. Para a súa elaboración, a correspondente Comisión Económica, coa presenza do representante municipal no Consello Escolar, reunirse previamente á celebración do citado Consello Escolar, co obxecto de presentar a xustificación dos gastos efectuados ao abeiro do presente programa municipal de Autoxestión, que se concretará na supervisión da relación ordenada das facturas pagadas con cargo a Autoxestión.

**CUARTA.-** As contías entregadas destinaranse integramente a gastos relativos ao mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido ao pagamento de facturas relativas aos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques, ...), como ao pagamento das facturas por man de obra e servizos de empresas competentes nas materias obxecto do gasto, legalmente establecidas. Para a concreción do aquí indicado, estarase ao disposto na citada **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos, expte. 16026/332**. Para aqueles gastos cun importe superior aos 1.000 euros, deberase efectuar consulta previa de conformidade coa UTSE.

**QUINTA.-** **Prohíbese** expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a realización con fondos do Programa Autoxestión de obras de mellora, reforma ou ampliación, así como aquelas reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas, instalacións eléctricas e instalacións de fontanería (abastecemento e saneamento) e as que poidan supoñer ponteio, modificación ou sobrecarga das liñas ou demais elementos, agás nos casos nos que a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) as autorice expresamente. Sen embargo, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámparas, cebadores, resistencias, etc, entran no Programa Autoxestión e deberán ser realizados polo centro, ao igual que as actuacións simples de fontanería que non afecten ás tubaxes de abastecemento e saneamento.

Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo, deberán ser solicitadas por escrito (preferentemente mediante correo electrónico) á Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), que actuará, asimismo, en caso de emerxencias ou grandes avarías, así como nos casos nos que os colexios non teñan recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases, previo informe da Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación.

O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.

**SEXTA.-** Dada as diferencias que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlárase estrictamente o uso das cantidades asignadas. Este control realizarase por medio do persoal técnico do Servizo de Educación e polos mecanismos propios da Intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

**SÉTIMA.-** Para a distribución do presuposto xeral previsto, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte BAREMO:

Estado xeral do centro (criterio da UTSE):

- estado xeral bo (superior á media): ..... 2 puntos
- estado xeral regular (media): ..... 5 puntos
- estado xeral malo (inferior á media): ..... 10 puntos

Número de alumnos (datos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia):

- entre 11 e 50: ..... 2 puntos
- entre 51 e 150: ..... 5 puntos
- máis de 150: ..... 10 puntos

Superficie edificada (m<sup>2</sup>):

- entre 50 e 500: ..... 10 puntos
- entre 501 e 1500: ..... 15 puntos
- entre 1501 e 2500: ..... 20 puntos
- entre 2501 e 4000: ..... 25 puntos
- entre 4001 e 5500: ..... 30 puntos
- máis de 5500: ..... 35 puntos

Superficie terreos (m<sup>2</sup>):

- entre 50 e 1000: ..... 10 puntos
- entre 1001 e 3000: ..... 15 puntos
- entre 3001 e 6000: ..... 20 puntos
- entre 6001 e 9000: ..... 25 puntos
- máis de 9000: ..... 30 puntos

**OITAVA.-** O mantemento das vivendas dos vixilantes-porteiros e do profesorado non está incluído nos custos asumibles polo Programa Autoxestión.

**NOVENA.-** O Servizo de Educación cursará as ordes oportunas á Intervención Xeral para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ao Programa Autoxestión.

**DÉCIMA.-** Os centros educativos do Anexo I que, por calquera razón, decidan deixar de participar no presente Programa, deberán manifestalo expresamente por escrito. O servizo municipal de Educación, en base a causas xustificadas e documentadas, poderá dar de baixa do presente Programa aos centros educativos que incumpran o establecido nas disposicións que o regulan (**Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de**

**educación infantil e primaria de Vigo -de aprobación anual-, e Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos).**

**8(303).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE SANTA MARTA-CASCO VELLO. EXPTE. 17500/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 03/03/16 e 06/04/16 e o informe de fiscalización do 23/03/16, dáse conta do informe-proposta do 07/04/16, do técnico superior de Educación, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“Mediante Resolución de inicio de expediente de 19 de xaneiro de 2016, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie “a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) de Santa Marta-Casco Vello”.*

*No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:*

- Resolución da Concelleira de Educación de 19/01/16 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico superior de Educación de data 19/01/2016.*
- Prego de prescripcóns técnicas (PPT) de data 25/01/16 redactado polo técnico superior de Educación.*
- Memoria xustificativa de data 28/01/16, redactada polo técnico superior de Educación.*
- Informe de data 11/02/16 da xefa do Servizo de Contratación.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 03/03/16, redactado polo Servizo de Contratación.*
- Informe da Asesoría Xurídica municipal de 03/03/16*
- Informe da Intervención municipal de 23/03/16, con observacións relativas á necesaria xustificación do umbral mínimo e a dous erros tipográficos nas FEC (figura citada a EIM Navia en vez de EIM Santa Marta-Casco Vello).*
- Informe complementario de data 29/03/16 do Servizo de Educación, xustificativo do establecemento dun umbral mínimo.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) definitivo, de data 05/04/16, redactado polo Servizo de Contratación*
- Dilixencia aclaratoria do Servizo de Contratación*
- Informe de Asesoría Xurídica do 06/04/16, de conformidade coas correccións introducidas.*

*Con respecto ao indicado informe da Intervención municipal, e tal e como figura no Informe complementario que se incluíu no expediente:*

“Complementariamente ao indicado na Memoria xustificativa incluída no expediente 17500/332 “Contrato maior de servizos para a xestión da Escola infantil municipal Santa Marta-Casco Vello”, e en base ao indicado no informe de fiscalización da Intervención municipal de data 23/03/2016, infórmase do seguinte:

- ✓ Desde a concellería de Educación considérase imprescindible a existencia dun umbral mínimo (no criterio “Calidade do Proxecto Educativo de Centro”) que deba superar calquera oferta que se presente para a xestión dunha escola infantil municipal, xa que é un indicador básico da calidade do servizo a prestar, ao reflectir detalladamente a conceptualización que o licitador desenvolve respecto dos aspectos reflectidos no Prego de prescripcóns técnicas. Por experiencias anteriores, unha simple e mimética trasposición do indicado nos pregos na correspondente oferta, induce a pensar na falta de cualificación e preparación do licitante para a conformación dun discurso mínimamente propio e adecuado ao que se require. A enorme importancia deste aspecto, xunto coa singularidade e fragilidade dos beneficiarios deste servizo (nenos/as de 0 a 3 anos), aconsellan que o Concello se asegure dunha mínima calidade nas ofertas que se presenten”.

Asimesmo, o Servizo municipal de Contratación substituíu as citas á “EIM Navia” por “EIM Santa Marta-Casco Vello” nas FEC, feito que foi visado pola Asesoría Xurídica.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: xestión da Escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nela, tanto nos aspectos educativos para o primeiro ciclo de Educación Infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo municipal de Educación.

Duración: catro (4) anos, máis dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 214.253,86 euros

Aplicación orzamentaria (e bolsa de vinculación):

3230.227.99.06 “EIM Santa Marta-Casco Vello”

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSF). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSF deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Santa Marta-Casco Vello, por procedemento aberto.

2º.- Aprobar o Prego de prescripci3ns t3cnicas de 25/01/2016 redactado polo Servizo de Educaci3n e o Prego de cl3usulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 05/04/2016 redactado polo Servizo de Contrataci3n, que se incl3en no presente expediente, para a contrataci3n dos servizos para a xesti3n da Escola infantil municipal (EIM) de Santa Marta-Casco Vello, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 857.015,44,68 euros (58.432,87 € na anualidade de 2016, 214.253,86 € nas anualidades de 2017, 2018 e 2019, e 155.820,99 € na anualidade de 2020) para a contrataci3n dos servizos para a xesti3n da Escola infantil municipal (EIM) de Santa Marta-Casco Vello, por procedemento aberto, con cargo 3 partida presupostaria 3230.227.99.06 ("EIM Santa Marta Casco-Vello") e bolsa de vinculaci3n.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contrataci3n conforme ao previsto na lexislaci3n vixente."

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(304).- PR3RROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA E PEQUENO MANTENIMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACI3NS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES Y OFICIOS. EXPTE. 886/13.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xur3dico do 31/03/16 e o informe de fiscalizaci3n do 01/04/16, d3ase conta do informe-proposta do 04/03/16, do director en funci3ns da EMAO, conformado polo xefe da 3rea de Servizos Xerais, pola concelleira-delegada de Educaci3n e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*"A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, na sesi3n ordinaria do d3a 13 de marzo de 2014, de acordo 3 proposta formulada pola Secretaria da Mesa de Contrataci3n acordou:*

*1.- Adxudicar a SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L., o procedemento aberto para a contrataci3n do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalaci3ns da Escola Municipal de Artes e Oficios, (expediente 886-13) por un per3odo de 2 anos e un prezo total de 263.189,52 € (IVE incluído), sendo a cota de IVE de 45.677,52 €, correspondendo un importe anual sen IVE de 108.756,00 €, cota de IVE de 22.838,76 €, e prezo anual total do contrato 131.594,76 €.*

*No prego de cl3usulas administrativas f3xase unha duraci3n do contrato de dous anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (Apartado 4.C das FEC) con d3as pr3rrogas de un ano de duraci3n cada unha.*

*O Contrato foi asinado polas partes o 11/04/2014, e comezou a s3a prestaci3n, conforme ao disposto na s3a cl3usula 6 o 15/04/2014.*

*En data 01 de marzo de 2016, a empresa adxudicataria do contrato solicita a pr3rroga do contrato (Doc. 160024404)*

*O técnico que suscribe considera que a prestación do servizo se ven realizando de maneira aceptable, polo cal considera que non existe inconveniente en concederlle a primeira prórroga á empresa adxudicataria do contrato durante o periodo comprendido entre o 15 de abril de 2016 e o 14 de abril de 2017.*

*Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Autorizar a primeira prórroga do contrato do Servizo de Limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (expte 886/13) para o periodo comprendido entre o 15/04/2016 e o 14/04/2017)*

*2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será de 131.594,76 €, segundo o desglose seguinte:  
Ano 2016 (periodo comprendido entre o 15/04/2016 ao 31/12/2016): 93.212,95 €. (IVE incluído), que se imputará á partida 3261.2270000 e ano 2017 (período entre o 1/01/2017 e 14/04/2017): 38.381,81 € (IVE incluído).”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(305).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO R.D.LEX. 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA A ÁREA DE FOMENTO. EXPTE. 27799/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/03/16, dáse conta do informe-proposta do 16/03/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Antecedentes:*

*Con data 03 de marzo de 2019, o técnico de Xestión adscrito a Área de Fomento, conformado polo Xefe de Área e o Concelleiro-delegado da Área de Fomento solicita o nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha funcionario/a interino/a como enxeñeiro/a técnico/a industrial, que permita dar cobertura a enorme carga de traballo existente na Área, pola falta de medios humanos existente, a tenor do incremento de atribucións asignadas a Área de Fomento.*

*O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 9 de marzo de 2016 autorizou o referido nomeamento interino, de conformidade co disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Área de Fomento, nos termos da solicitude do técnico referenciado, das listas de substitución existentes da última convocatoria de enxeñeiros/as técnicos/as industriais correspondente a oferta de emprego público correspondente ao ano 2008.*

*En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionario/a de carreira dunha praza de Enxeñeiro/a*

*Técnico/a Industria pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 19 de marzo de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionario de carreira con data 07 de maio de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de abril anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación da única aspirante que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pase a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeada ou contratada como persoal interino ou laboral.*

*Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran neste Servizo, corresponde o nomeamento como enxeñeira técnica industrial da única aspirante da lista D<sup>a</sup>. SUSANA GONZÁLEZ RAMÍREZ, DNI 36.101.427-Y, que aceptou expresamente o mesmo, significando así mesmo que a interesada acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza. Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a referida aspirante proposta D<sup>a</sup>. Susana González Ramírez nunca prestou servizos nesta Administración, polo que está en situación de ser nomeada .*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo a modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.*

*O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Lexislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 105-administrativo/a de administración xeral), da RPT vixente, aprobada pola Xunta*



de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establecía na súa Disposición transitoria novena que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”. A referida norma foi derogada coa entrada en vigor do RD. Legislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, que no seu artigo 10.6 establece que dito persoal interino poderá desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de prazas de axudantes de oficios na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2016 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en **casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables** que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais **que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais**, como e o caso.

A este respecto, por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, foron actualizadas as instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, e que foran aprobadas en data 20 de xuño de 2014 e e 29/08/14, contemplándose o seguinte:

“En cumprimento do establecido na LPGE 2016, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como **servizos e sectores prioritarios** no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

**1.-** Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá **en todo caso, como competencias propias**, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e **protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas**.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

**d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.**

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.

**2.-** Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos **servizos obrigatorios** contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

*“Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

- 1. En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- 2. Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- 3. Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*
- 4. Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano.*

*3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados **aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal**, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a poñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 1º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo público prioritario e obrigatorio, sendo esta función administrativa imprescindible para o adecuado funcionamento da Área de Fomento, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, informándose en consecuencia favorablemente o devandito nomeamento, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición asinado polo técnico de xestión e polo Xefe da Área de Fomento e conforme do concelleiro-delegado da referida Área de data 03 de marzo de 2016, que obra no expediente.

O importe do custe do referido nomeamento interino por un período máximo de seis meses, dun/dunha enxeñeiro/a industrial para a Área de Fomento, supón un gasto de 20.424,78€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 6.689,11 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas e, imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Área de Fomento, contidas no escrito de 03 de marzo de 2016 e, en consecuencia, autoriza-

lo gasto por importe de 20.424,78€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D<sup>a</sup>. SUSANA GONZÁLEZ RAMÍREZ, DNI 36.101.427-Y, única aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 68, Enxeñeiro/a Técnico Industrial, sendo adscrita a Área de Servizos Xerais (cód. 440), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do R.D. Legislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- Establecer que a xornada laboral da funcionaria nomeada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario”.

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(306).- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2016. EXPTE. 27580/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/03/16, dáse conta do informe-proposta do 30/03/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### “ANTECEDENTES

O Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, en instrucción de Servizo de data 21/10/2015, ordeou “Incoar expediente administrativo do Servizo de Recursos Humanos para a aprobación da Oferta de Emprego Público do ano 2016, a fin de elevar proposta de aprobación á Xunta de Goberno Local, previa a emisión dos informes e realización dos trámites que legalmente procedan.”

En base ao anterior, en dilixencia da mesma data, pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos solicítase ao técnico que subscribe informe/s técnico/s en relación a:

“Número de prazas susceptibles de ser ofertadas no marco da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, considerando as previsións contidas na Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

O informe técnico deberá pronunciarse sobre os seguintes extremos:

-cálculo da taxa de reposición de efectivos segundo o contemplado na LPGE 2016, con distinción entre a quenda libre e a promoción interna, debendo considerar que a dita norma contempla que a taxa de reposición de efectivos correspondente a un ou varios dos sectores definidos no artigo 20.Un.2 poderá acumularse en outro ou outros dos sectores contemplados no citado precepto ou en aqueles Corpos, Escalas ou categorías profesionais de algún ou algúns dos mencionados sectores, cuxa cobertura se considere prioritaria ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

-Debe considerarse que a taxa de reposición de efectivos para 2016 fixarase ata un máximo do 100 por cen nas prazas e corpos seguintes:

*Prazas encadradas nos corpos de Policía Local.*

*Prazas encadradas nas funcións relativas ao control da asignación eficiente dos recursos públicos; nas funcións de asesoramento xurídico e na xestión dos recursos públicos, abarcando o dito concepto as seguintes prazas, segundo as vixentes instrucións en materia de recursos humanos aprobadas pola Xunta de Goberno Local:*

- a) *Funcionarios/as con habilitación de carácter nacional (Subescalas de Secretaría, Intervención- Tesourería e Secretaría-Intervención);*
- b) *Técnicos de Administración Xeral (ramas xurídica e económica)*
- c) *Técnicos de Administración Especial (Economistas, Letrados, Asesores Xurídicos)*
- d) *Técnicos medios de xestión*
- e) *Técnicos medios de relacións laborais*
- f) *Técnicos medios de servizos económicos*

*Prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.*

*A LPGE 2016 contempla como sector prioritario as prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.*

*Igualmente, contempla a LPGE 2016 como prioritarias as prazas de persoal que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego".*

*Polo técnico de organización e Planificación que subscribe, en data 09/02/16, emitiu informe que figura anexo ao presente expediente.*

*En data 04/03/2016 formulouse por este Servizo de Recursos Humanos a correspondente proposta de Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, que foi obxecto de negociación cos órganos de representación de persoal, segundo se recolle nas actas da Mesa Xeral de Negociación de datas 12 de febreiro e 1 de marzo de 2016 anexas ao expediente.*

*Remitida en data 07/03/16 a Intervención Xeral aos efectos da súa fiscalización, ésta foi devolta en data 16/03/16 para a súa subsanación, segundo as seguintes:*

*"Conclusións:*

*Por canto antecede, esta intervención emite o presente informe favorable á proposta contida no expediente 27580/220 tramitada pola concellalía de Réxime Interior e Persoal, condicionado á subsanación dos seguintes defectos que deben de emendarse con anterioridade á aprobación do expediente polo órgano competente. O órgano xestor deberá remitir á Intervención a documentación xustificativa de emendarse devanditos defectos.*

*Defectos observados que deben emendarse:*

*Para dar cumprimento ao disposto nos artigos 48 da LEPE e 59 do EBEP, a OEP para o ano 2016 debe reservar un mínimo de 5 prazas (o 7% de 58 redondeando por exceso) das convocadas para ser cubertas entre persoas con discapacidade, das que polo menos 2 (o 2% de 58 redondeando por exceso) deberán reservarse para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade".*

Sen prexuízo do anterior, maniféstase que na proposta inicial figuraba a porcentaxe mínima do 7% dos postos ofertados para a quenda de persoas con discapacidade, segundo disposto no R.D. 2271/04 e 59 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), aínda que non sería de obrigado cumprimento neste Concello, toda vez que éste xa alcanzou o dous por cento de efectivos totais de traballadores que prestan servizo na actualidade e que teñen acreditado unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, tal e como se recolle no Art. 48.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Polo técnico que subscribe, propónse a subsanación dos referidos defectos, procedendo a modificación do apartado SEGUNDO da proposta de acordo, que pasará a contar coa seguinte redacción:

“SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 5 prazas (7% das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

- Dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.

- Dúas prazas de Oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservárase para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

- Unha praza de Axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual”.

### MOTIVACIÓN

PRIMEIRO.- O Pleno da Corporación municipal, na sesión do 09 de decembro de 2015, BOP de 11 de decembro seguinte, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello, que deberá rexer durante o exercicio de 2016, así como o do seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, consonte o disposto polo art. 123.1 h) da Lei 7/85, de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/03, publicado no BOP de 20/06/14.

SEGUNDO.- Segundo o disposto no art. 127.1 h) da citada Lei 7/85, a Relación de Postos de Traballo vixente, foi aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións de datas 11 de outubro e 2 de novembro de 2010, 1 e 15 de xullo de 2011, 11 e 25 de novembro de 2011, 29 de decembro de 2011, 27 de xaneiro, 9 de marzo, 27 de abril de 2012, 2 e 9 de xullo de 2012 e, 2 de febreiro, 12 de abril 30 de decembro de 2013, e, 27 de marzo e, 5 de setembro de 2014, publicadas no BOP de data 16 de novembro de 2010, 12 de xaneiro, 26 de marzo, 23 de maio, 3 de agosto, 18 de setembro de 2012 e no BOP de 27 de febreiro e, 8 de maio de 2013, respectivamente, estando pendentes de publicación as aprobadas en data 30/12/13 e 27/03 e 05/09/14.

TERCERO.- RPT e Cadro de persoal son dous instrumentos xurídicos distintos, aínda que intimamente vinculados entre si. A RPT é o **instrumento de ordenación** do persoal, mentres que o Cadro de persoal constitúe a **cobertura orzamentaria** daquela. So a través

da RPT pódense crear, modificar..... os postos de traballo. Pero a RPT está condicionada na súa virtualidade ó cadro de persoal aprobado polo Pleno. Tódolos postos do cadro teñen que estar contidos na RPT; mentres que o Cadro de Persoal non ten que conter necesariamente tódolos postos da RPT, senón unicamente aqueles que o Pleno considere oportunos con arranxo aos principios de racionalidade, economía e eficiencia.

CUARTO.- En calquera caso, a aprobación do cadro de persoal e a RPT constitúen requisitos ineludibles para aprobación da oferta de emprego público (en adiante, O.E.P), en canto esta é definida no propio Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) como "as necesidades de recursos humanos, con asignación presupostaria, que deberán proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso e que serán obxecto da Oferta de Emprego Público", art. 70.1 do TREBEP, a apreciación das cales corresponde a Xunta de Goberno Local (art. 127.1 h. da Lei 7/85) previa negociación cos representantes do Persoal (art. 37.1 l) do TREBEP.

En calquera caso, e segundo o disposto nos artigos 70.1 do TREBEP e 48.4 da Lei de Emprego Público de Galicia, unha vez aprobada e publicada a oferta de emprego público, os respectivos procesos selectivos convocaranse no prazo máximo fixado na mesma. En todo caso, a execución da oferta de emprego público debe desenvolverse dentro do prazo improrrogable de 3 anos, a contar a partir do día seguinte ao da publicación de aquela no correspondente diario oficial.

QUINTO.- De conformidade co disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, ao longo do exercicio 2016 unicamente se poderá proceder á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes, salvo a que poda derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores.

Dita limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, nos seguintes sectores e administracións a taxa de reposición fixarase ata un máximo do **100 por cen** nas prazas e corpos seguintes:

- a) Prazas encadradas nos corpos de Policía Local.
- b) Prazas encadradas nas funcións relativas ao control da asignación eficiente dos recursos públicos; nas funcións de asesoramento xurídico e na xestión dos recursos públicos, abarcando o dito concepto as seguintes prazas:

Funcionarios/as con habilitación de carácter nacional (Subescalas de Secretaría, Intervención-Tesourería e Secretaría-Intervención);

Técnicos de Administración Xeral (ramas xurídica e económica)

Técnicos de Administración Especial (Economistas, Letrados, Asesores Xurídicos)

Técnicos medios de xestión

Técnicos medios de relacións laborais

Técnicos medios de servizos económicos



- c) *Prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.*
- d) *Prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.*
- e) *Prazas de persoal que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego.*

*No suposto das prazas correspondentes ao persoal da policía local e de persoal dos servizos de extinción de incendios e salvamento, poderase alcanzar o **cen por cen** da taxa de reposición de efectivos sempre que se trate de Entidades locais que cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas locais ou, no seu caso, as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, en materia de autorización de operacións de endebedamento.*

*Ademais deberán cumprir o principio de estabilidade ao que se refire o artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira tanto na liquidación do orzamento do exercicio inmediato anterior como nos orzamentos vixente.*

*En relación con este último, a Entidade deberá adoptar un Acordo do Pleno ou órgano competente no que se solicite a reposición das prazas vacantes e no cal se poña de manifesto que aplicando esta medida non se pon en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. O indicado no presente parágrafo deberá ser acreditado pola correspondente Entidade Local ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, previamente á aprobación da convocatoria de prazas.*

*Nos sectores e Administracións non recollidos no apartado anterior, a taxa de reposición se fixará ata un máximo do **50 por cento**.*

*Os anuncios de convocatorias de probas de acceso á función pública local e de concursos para a provisión de postos de traballo deberán publicarse no Boletín Oficial do Estado.*

*As bases publicaranse no «Boletín Oficial» da Provincia, salvo as relativas ás convocatorias de probas selectivas para a obtención da habilitación de carácter nacional, que se publicarán no Boletín Oficial do Estado.*

*Para calcular a **taxa de reposición de efectivos**, a porcentaxe máxima a que se refire a LPGE 2016 aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio 2015, deixaron de prestar servizos en cada un dos sectores, ámbitos, corpos ou categorías previstos no epígrafe anterior (denominado “oferta de emprego público”) e o número de empregados fixos que se tivesen incorporado nos mesmos no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado dende situacións que non leven a reserva de postos de traballo.*

*A estes efectos, computaranse os ceses na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.*

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos aquelas prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna.

A LPGE 2016 contempla que a taxa de reposición de efectivos correspondente a un ou varios dos sectores definidos no artigo 20.Un.2 poderá acumularse en outro ou outros dos sectores contemplados no citado precepto ou en aqueles Corpos, Escalas ou categorías profesionais de algún ou algúns dos mencionados sectores, cuxa cobertura se considere prioritaria ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

A relación de vacantes producidas no pasado ano 2015 é a seguinte:

**RELACIÓN BAIXAS PRODUCIDAS DURANTE O ANO 2015  
(aos efectos de cálculo da taxa de reposición de efectivos)**

**(PERIODO XANEIRO-DECEMBRO)**

**RELACIÓN BAIXAS PRODUCIDAS DURANTE O ANO 2015**

**XANEIRO**

PÉREZ FIGUEIRAS, CARLOS	AXUD.OF.	VIAS E OBRAS	02/01/2015	LABORAL
SUAREZ ÁLVAREZ, ENRIQUE	AUX.SERV.INT.	ARQUIVO MUNICIPAL	08/01/2015	LABORAL
GARCÍA LÓPEZ, SIRO	POLICIA	POLICÍA LOCAL	29/01/2015	

**FEBREIRO**

COMESAÑA ARRIBAS, LUIS FELIPE	ARQUITECTO	PATRIMONIO	03/02/2015	
PORTELA SAAVEDRA, JOSÉ ANGEL	POLICIA	POLICÍA LOCAL	09/02/2015	Inc.Per.Total (1)

**MARZO**

NINGUNHA

**ABRIL**

FERNÁNDEZ IGLESIAS, ROSARIO	ADMINISTRAT.	CEMITERIOS	09/04/2015	
LONGA GONZÁLEZ, ROSA MARÍA	AUXILIAR	MEDIO AMBIENTE	19/04/2015	Inv. Absoluta (2)
FERNÁNDEZ PÉREZ, FERNANDO	OFICIAL OFIC.	LIMPEZA	22/04/2015	
DIAZ JUSTO, PEDRO MICAEL	POLICÍA	POLICÍA LOCAL	22/04/2015	Excedencia vol.
FERNANDEZ PIN, M <sup>a</sup> . JESÚS	POLICÍA	POLICÍA LOCAL	26/04/2015	Inc.Per.Total (3)(4)
<b>LAGO COSTAS, ANTONIO</b>	<b>OF.SEPULT.</b>	<b>CEMITERIOS</b>	<b>27/04/2015</b>	<b>Inv.Abs. s/reserv.</b>

**MAIO**

SUAREZ SÁNCHEZ, BENJAMÍN	TAX.rama econ.	INTERVENCIÓN XERAL	10/05/2015	
FERNANDEZ FERNÁNDEZ, AMANTINO	OPER.PEÓN	MUSEOS	12/05/2015	
MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, CARMEN	POLICÍA	POLICÍA LOCAL	29/05/2015	Fallecemento
AIRA PEREIRO, EMILIO	OF.OFICIOS	ELECTROMECHANICOS	31/05/2015	LABORAL

**XUÑO**

NINGUNHA

**XULLO**

GONZÁLEZ BELLO, JOSÉ ANDRÉS	ALGUACIL	MUSEOS	02/07/2015	
LÓPEZ RIBADA, JUAN CARLOS	DELINEANTE	DELINEANTE	02/07/2015	
LODEIRO COVELO, JOSÉ ANTONIO	OF.OFICIOS	OFICIAL XARDINEIRO	10/07/2015	LABORAL
VILLA AGULLA, FERNANDO	POLICÍA	POLICÍA LOCAL	15/07/2015	EXCED.VOLUNT.
TABOADA PARDO, M <sup>a</sup> JESÚS	PROGR.INF.	ADMÓN. ELECTRONICA	31/07/2015	

**AGOSTO**

<b>GÓMEZ OURO, BEATRIZ</b> SAN LUIS COSTAS, AVELINO CASALDERREY SANMARTÍN, EDUARDO	<b>TEC.SPACT.C.</b> TEC.AD.XERAL BOMBEIRO	<b>SERVIZOS XERAIS</b> GAB.ALCALDÍA S.E.I.S.	<b>03/08/2015</b> Inc.Per.Total (5) 09/08/2015 30/08/2015
--	---	--	---

**SETEMBRO**

CONDE CABALEIRO, MANUEL <b>CRESPO CASAL, JAVIER</b> ARIAS FERNÁNDEZ, JUAN CARLOS	BOMBEIRO <b>OF.OFICIOS</b> ENX.TEC.IND.	S.E.I.S <b>PARQUE MÓBIL</b> XERENCIA URBANISM	02/09/2015 <b>15/09/2015</b> Lab.-Inc.P.Abs. (6) 30/09/2015
--	---	---	---

**OUTUBRO**

MARTÍNEZ IGLESIAS, FRANCISCO DOMÍNGUEZ ALONSO, DANIEL VILLAR DOMÍNGUEZ, MANUEL SAYAR VILA, JESÚS	OF.OFICIOS OF.OFICIOS BOMBEIRO BOMBEIRO	ELECTROMECHANICOS VIAS E OBRAS S.E.I.S S.E.I.S	08/10/2015 17/10/2015 Fallecimiento 31/10/2015 31/10/2015
---	--	---	--

**NOVEMBRO**

LUCAS ESCANDÓN, EUFRASIA	AUX.ADTIVO.	LABORATORIO M.	23/11/2015 LABORAL
--------------------------	-------------	----------------	--------------------

**DECEMBRO**

MÉNDEZ PAZ, RICARDO IGLESIAS ÁLVAREZ, EMILIO GUISANDE OLEIRO, XOSÉ ANTÓN	POLICÍA TEC.ORG.RRHH OF.XARDINEIRO	POLICÍA LOCAL S.ELECTROMEC. PATRIMONIO HIST.	01/12/2015 Fallecimiento 31/12/2015 LABORAL 31/12/2015
--	--	--	--

*Así mesmo causaron baixa por xubilación tres empregados dos antigos organismos autónomos Vigo-Zoo e EMAO (un conservador, un oficial cuidador e un Mestre de Formación).*

- (1) Revisión a partir de 14/01/2017
- (2) Revisión a partir de 19/03/2016
- (3) Revisión a partir de 01/04/2016
- (4) Perdida condición funcionaria de carreira.- 22/04/2015
- (5) Revisión a partir de 29/06/2016
- (6) Revisión a partir de 02/10/2016

**RELACION ALTAS PRODUCIDAS DURANTE O ANO 2015****XUÑO**

CALVET MICAS, PEPA <b>BERNÁRDEZ DE DIOS, ANTONIO</b>	ADMINISTRAT. <b>AUXILIAR</b>	ADMÓN.TRIBUTOS <b>CONSORCIO C.VELLO</b>	10/06/2015 <b>13/06/2015</b>
---	---------------------------------	--	---------------------------------

**XULLO**

<b>SASTRE VÁZQUEZ, Mª DEL CARMEN</b>	<b>AUXILIAR</b>	<b>TURISMO E INDUSTRIA</b>	<b>17/07/2015</b>
--------------------------------------	-----------------	----------------------------	-------------------

PLANTILLA CONCELLO.-	<b>1459 PRAZAS</b>
PRAZAS OCUPADAS DECEMBRO 2015.-	<b>1199</b>
PRAZAS VACANTES.-	<b>260</b>
TOTAL BAIXAS 2014.-	<b>34</b>
TOTAL ALTAS 2015.-	<b>1</b>

*SEXTO.- En canto instrumento básico de selección do persoal, a O.E.P. responde ós principios legais de anualidade e publicidade, e restrición dos sistemas selectivos ós de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan en calquera caso os principios constitucionais de igualdade de oportunidades, mérito e capacidade (art. 91 da Lei 7/85), non podendo nomearse persoal interino para prazas que non se inclúan na O.E.P., salvo cando se trate de vacantes realmente producidas logo da súa aprobación (art. 128*

R.D.L. 781/86), e sen prexuízo da excepción prevista no art. 10 do TREBEP, e no caso da oferta de emprego correspondente ao presente ano 2016, das limitacións impostas no artigo 20. Uno. 1 a 4 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 e no artigo 3 do Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

SÉTIMO.- A obrigación de respectar a lexislación básica do Estado trae a colación un novo límite na aprobación da O.E.P., establecido sistematicamente nas sucesivas leis orzamentarias do Estado. A saber, o de respectar na selección de persoal de novo ingreso as eventuais taxas de reposición que se teñan fixado respecto do persoal de cadro do exercicio inmediato anterior (art. 90.1 da lei 7/85; art. 126 do RDL 781/86) e, o previsto nas leis de orzamentos xerais do Estado para cada ano.

OITAVO.- No cadro de persoal aprobado definitivamente polo Pleno en sesión ordinaria de data 11 de decembro de 2015, existen un total de 1359 prazas, dos que na actualidade se atopan vacantes 260, 27 delas ocupadas interinamente, 12 delas con cargo a prazas incluídas nas ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2010 e 2011 as que se lle deu caducidade e, 2012, 2013, 2014 e 2015, en fase de execución e as 15 restantes que se corresponden a persoal dos extintos organismos autónomos IMD, VIGO-ZOO e EMAO incorporados ao Cadro de Persoal deste Concello, estando todos os postos igualmente contemplados na RPT vixente e, nas dos respectivos organismos autónomos extintos.

NOVENO.- Dada a recente incorporación ao Cadro de Persoal Municipal do persoal dos antigos organismos autónomos Instituto Municipal dos Deportes, Vigo-Zoo e Escola Municipal de Artes e Oficios, e preciso regularizar a situación do seu persoal interino/indefinido a través das seguintes ofertas de emprego, considerándose prioritario que na Oferta de Emprego do ano 2016 se proceda a regularización do persoal interino/indefinido do propio Concello, deixando para as sucesivas ofertas a regularización do persoal interino/indefinido dos extintos organismos autónomos, previo análise e estudo dos mesmos.

En consecuencia, resulta un total de **33 vacantes producidas durante o ano 2015 no Cadro De Persoal Municipal**, ó que o aplicarse o 100% da taxa de reposición de efectivos da vindeira oferta de emprego público deste concello **resulta un total de TRINTA E TRES prazas, a ofertar pola quenda libre**, as que haberá que engadir as prazas da quenda de promoción interna, que non computan dentro do límite máximo do 100%.

Resérvase a porcentaxe mínima do 7% dos postos ofertados para a quenda de persoas con discapacidade, segundo disposto no R.D. 2271/04 e 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), aínda que éste concello xa alcanzou o dous por cento de efectivos totais de traballadores que prestan servizo que teñen acreditado unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, tal e como se recolle no Art. 48.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

A data de hoxe figuran vacantes as seguintes prazas que non se atopan incluídas en ningunha das ofertas de emprego pendentes de executar:

1 Director/a Réxime Interior Zoo, A1 (coberta interinamente)

1 Veterinario Zoo, A1 (coberta interinamente)

1 Conservador Zoo, A2

- 1 Coordinador Educación Zoo, A2
- 2 Oficial Coidador ZOO -C2
  
- 1 Técnico Dpto. Música Tradicional EMAO, A1 (Cuberta interinamente)
- 1 Técnico/a Medio/a Biblioteca, EMAO, A2 (cuberta interinamente)
- 1 Mestre de Oficios EMAO, A2 (Cuberta interinamente)
- 10 Mestre Formación EMAO, C1 (5 cubertas interinamente, 1 indefinido por sentenza xudicial)
- 2 Administrativo/a Administración Xeral, EMAO, C1
- 1 Subalterno EMAO, Grupo Transitorio E.
  
- 11 Subalterno/a Administración Xeral, Grupo Transitorio E
- 1 Técnico/a Especialista Actividades Culturais e Educativas.
- 1 Técnico/a Xestión. A2
- 4 Auxiliar Administración Xeral C2 (OEP2010-2011) (TRES DELAS CUBERTAS INTERINAMENTE)
- 10 Auxiliar Administración Xeral. C2
- 1 Técnico/a medio/a de Sistemas, A2
- 1 Programador/a Informática C1
- 1 Superintendente Policía Local A1
- 2 Inspector Principal A2, (OEP-2011)
- 23 Policía Local - C1
- 1 Sarxento SEIS-C1
- 1 Cabo SEIS -C2 (OEP-2011)
- 1 Conductor-Bombeiro/a C2 (OFERTA 2011)
- 4 Bombeiro/a C2 (OFERTA 2011)
- 1 Técnico/a Superior Medio Ambiente -A1
- 1 Administrativo/a Administración Xeral -C1 (transformar en Inspector Medio Ambiente)
- 1 Técnico/a Medio/a Relacións Laborais - A2
- 1 Técnico/a Superior Arquivos - A1
- 1 Arquitecto/a Superior - A1
- 7 Diplomado/a Traballo Social – A2 (OEP-2011) (Cubertas interinamente)
- 1 Auxiliar Psiquiátrico – C2
- 1 Técnico/a Medio Igualdade – A2 (OEP 2011) Cuberta interinamente
- 1 Técnico/a Administración Xeral – A1 (rama xurídica)
- 2 Economista A1
- 3 Arquitecto/a Técnico/a -Aparellador/a -A2 (Unha delas racionalizada)
- 2 Enxeñeiro/a Camiños - A1
- 1 Enxeñeiro/a Industrial – A1
- 2 Enxeñeiro/a Técnico Industrial - A2
- 1 Enxeñeiro/a Técnico Topografía - A2
- 3 Delineante - C1
- 1 Oficial Conductor/a – C2 (OEP 2011) (Cuberta interinamente)
- 7 Oficial de Oficios (1 limpeza e 6 de Instalacións Municipais)
- 3 Axudantes de Oficios.
- 5 Operarios/as peóns.
  
- 1 Capataz IMD – C1
- 1 Técnico Mantemento Sistemas Informáticos - C1
- 6 Oficial Instalacións IMD – C-2 ( 2 ocupadas interinamente)
- 4 Oficial Mantemento IMD – C2 ( 3 ocupadas interinamente)
- 6 Axudante Mantemento IMD - Grupo Transitorio E (5 ocupadas interinamente)
- 1 Operario-Peón IMD – (Grupo Transitorio E)

Así mesmo, figuran vacantes as seguintes 13 prazas creadas por acordo Plenario de data 28/04/2011 (Expte 8215-77), en relación ao persoal laboral indefinido susceptible de regularización:

- 4 Técnicos/as de Xestión (unha xa incluída na OEP 2015 pola quenda libre
- 1 Técnico/a Medio/a Servizos Económicos
- 1 Arquitecto/a Técnico/a Aparellador/a.
- 1 Administrativo/a Admón. Xeral.
- 2 Auxiliar Admón. Xeral.
- 1 Técnico/a Administración Xeral. (o posto asociado foi racionalizado)
- 1 Técnico/a Actividades Culturais e Educativas.
- 1 Técnico/a Medio Actividades Culturais e Educativas.

- 1 Diplomado/a en Trabajo Social.

Por último indicar que todo o persoal laboral indefinido existente no concello deberá ser regularizado, contemplando na Oferta correspondente ao ano 2016 e sucesivas, as prazas necesarias ao efecto.

Neste intre, e toda vez que pasaron a depender do Concello os antigos organismos autónomos Universidade Popular, Vigo-Zoo e Instituto Municipal dos Deportes, figuran en situación de laborais indefinidos por sentenza xudicial os seguintes traballadores:

1 Mestre Formación Ourivaría Escola de Artes e Oficios  
11 Axudantes mantemento Instituto Municipal dos Deportes

DÉCIMO.- A presente proposta de O.E.P. foi obxecto de negociación cos órganos de representación de persoal, segundo se recolle nas actas da Mesa Xeral de Negociación de datas 12 de febreiro e 1 de marzo de 2016, que figuran anexadas ao expediente.

DÉCIMO PRIMEIRO.- En canto ás prazas ofertadas, son as que segundo os criterios contemplados na Lei de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 e no Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, considéranse prioritarias polas necesidades existentes no Servizo de Extinción de Incendios, Corpo da Policía Local, persoal administrativo e subalterno, prazas de carácter técnico propostas, persoal que figura nomeado interinamente con cargo a praza vacante (art. 10.1.a) do TREBEP e, prazas correspondentes a persoal indefinido por sentenza xudicial que deben ser regularizadas.

DÉCIMO SEGUNDO.- Na presente proposta resérvase pola quenda de promoción interna, a porcentaxe mínima do 7% dos postos ofertados para a quenda de persoas con discapacidade, ao que se refire o R.D. 2271/04 e 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), sen prexuízo de terse alcanzado xa o dous por cento de efectivos totais de traballadores que prestan servizo neste concello que teñen acreditado unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, tal e como se recolle no Art. 48.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita segundo o art. 214, do R.D.Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

" **PRIMEIRO.**- Aproba-la oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2016, integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:

a) **Persoal funcionario ( 41 prazas, trinta e unha delas pola quenda libre).**

<i>Nº Vacantes</i>	<i>Denominación</i>	<i>Grupo</i>	<i>Escala</i>	<i>Subescala</i>	<i>Clase</i>	<i>Tanda Acceso</i>
2	<i>Técnico/a Administración Xeral rama xurídica</i>	A1	<i>Admón. Xeral</i>	<i>Técnica</i>	<i>Superior</i>	<i>1 Libre e 1 promoción interna</i>
1	<i>Administrativo/a Administración Xeral</i>	C1	<i>Admón. Xeral</i>	<i>Administrativa</i>	-----	<i>Libre</i>
6	<i>Auxiliar Administración Xeral</i>	C2	<i>Admón. Xeral</i>	<i>Auxiliar</i>	-----	<i>4 Libre e 2 promoción interna</i>
1	<i>Subalterno/a</i>	E	<i>Admón. Xeral</i>	<i>Subalterna</i>	-----	<i>Libre</i>
1	<i>Enxeñeiro/a de Camiños</i>	A1	<i>Admón. Especial</i>	<i>Técnica</i>	<i>Superior</i>	<i>Libre</i>
1	<i>Enxeñeiro/a Industrial</i>	A1	<i>Admón. Especial</i>	<i>Técnica</i>	<i>Superior</i>	<i>Libre</i>
1	<i>Arquitecto/a Técnico/a Aparellador/a</i>	A2	<i>Admón. Especial</i>	<i>Técnica</i>	<i>Media</i>	<i>Libre</i>
8	<i>Diplomado/a Traballo Social</i>	A2	<i>Admón. Especial</i>	<i>Técnica</i>	<i>Media</i>	<i>Libre</i>
1	<i>Técnico/a Medio Igualdade</i>	A2	<i>Admón. Especial</i>	<i>Servizos Especiais</i>	<i>Cometidos Especiais.</i>	<i>Libre</i>
1	<i>Técnico/a Xestión</i>	A2	<i>Admón. Especial</i>	<i>Servizos Especiais</i>	<i>Cometidos Especiais.</i>	<i>Promoción Interna</i>
1	<i>Técnico/a Relaciones Laborais</i>	A2	<i>Admón. Especial</i>	<i>Servizos Especiais</i>	<i>Cometidos Especiais.</i>	<i>Promoción Interna</i>
1	<i>Técnico/a Medio/a Sistemas</i>	A2	<i>Admón. Especial</i>	<i>Servizos Especiais</i>	<i>Cometidos Especiais.</i>	<i>Promoción Interna</i>
1	<i>Programador/a Informática</i>	C1	<i>Admón. Especial</i>	<i>Servizos Especiais</i>	<i>Cometidos Especiais.</i>	<i>Libre</i>
2	<i>Inspector/a Principal Policía Local</i>	A2	<i>Admón. Especial</i>	<i>Servizos Especiais</i>	<i>Policía Local</i>	<i>Promoción Interna</i>
1	<i>Sarxento Extinción Incendios</i>	C1	<i>Admón. Especial</i>	<i>Servizos Especiais</i>	<i>Extinción Incendios</i>	<i>Promoción Interna</i>
1	<i>Cabo Extinción Incendios</i>	C2	<i>Admón. Especial</i>	<i>Servizos Especiais</i>	<i>Extinción Incendios</i>	<i>Promoción Interna</i>
4	<i>Bombeiro/a</i>	C2	<i>Admón. Especial</i>	<i>Servizos Especiais</i>	<i>Extinción Incendios</i>	<i>Libre</i>
7	<i>Policía Local</i>	C1	<i>Admón.</i>	<i>Servizos</i>	<i>Policía</i>	<i>Libre</i>

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
			Especial	Especiais	Local	

b) **Persoal laboral : 17 prazas** (1 Capataz pola quenda de promoción interna, 13 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (unha delas pola quenda libre- oficial condutor) e, 3 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E (unha delas pola quenda libre e dúas por promoción interna).

**SEGUNDO.-** De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de **5 prazas** (7% das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para **persoas con discapacidade**, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

- Dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.
- Dúas prazas de Oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservarse para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.
- Unha praza de Axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(307).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 27848/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/04/16, dáse conta do informe-proposta do 31/03/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Recíbese escrito do xefe de Participación Cidadá en data 15/03/2016, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, no que se solicita se lle abone a dona María do Carmen Alonso Otero (nº persoal 82540), o aboamento de produtividade que ten dereito a percibir por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de **Febreiro-2016**.*

*Dita empregada realiza a súa actividade laboral en **réxime de xornada partida**, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no **horario de apertura da oficina Municipal de Distrito "A Miñoca", en horario continuo**.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no*



mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, que para o vindeiro ano de acordo co Lei

48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3'68 €, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a "Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## **A C O R D O :**

**Primerio.**- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade a M<sup>a</sup> do Carmen Alonso Otero (nº persoal 82540) do servizo de Participación Cidadá, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran nas relacións adxuntas, correspondente ao mes de **Febreiro-2016** e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-"Productividade", por importe de **76,44 €**.

**Segundo.**- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.**- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina."

## **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(308).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 27847/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/04/16, dáse conta do informe-proposta do 31/03/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 01/03/2016, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de **Febreiro de 2016**, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).*

*Así mesmo, no informe de data 01/03/2016 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por esta Área de Recursos Humanos e Formación, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación*

*extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar no ano 2016 sería 3'68 €/día , aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.*

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **A C O R D O :**

**Primeiro.-** Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de **Febreiro-2016** e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Productividade”, por importe de 928,51 €.

**Segundo.-** Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### **Anexo:**

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importe día	Días traballados	Total euros
23490	Alfonso Paz, Jesús	3,67	18	66,06 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,67	18	66,06 €

77225	Cid González, Alberto	3,67	19	69,73 €
77691	Conde Lorenzo, Héctor	3,67	23	84,41 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,67	18	66,06 €
82456	Costas Villar, Alberto	3,67	21	77,07 €
78924	González Seijo, Antonio	3,67	21	77,07 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,67	17	62,39 €
76563	Pereira Fona, Juan José	3,67	17	62,39 €
82187	Quintas Pérez, José Juan	3,67	21	77,07 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,67	19	69,73 €
7224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,67	21	77,07 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,67	20	73,40 €
Importe total			253 días	939,52 €

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(309).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 27849/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/04/16, dáse conta do informe-proposta do 30/03/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*"A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relacións do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de **Febreiro-2016**, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento– entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo*

posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que "aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 123,43 €/mes. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto".

No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de Febreiro de 2016.

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polo persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## **ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Produtividade”, por importe de **346,78 €**.



**Segundo.-** Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina.

#### ANEXO

N.P.	Apelidos e Nome	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	123,43 €
22790	Sousa Atrio, José Manuel	123,43 €
81369	Seijas Fernández, Alberto	99,92 €
IMPORTE TOTAL.....		346,78 €

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(310).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DE VÍAS E OBRAS E PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 27850/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/04/16, dáse conta do informe-proposta do 30/03/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Recíbense no servizo de Recursos Humanos, en datas 7 e 8/03/2016, asinadas polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, co conforme do Xefe da Área de Servizos Xerais e o visto e praxe do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal do servizo de Vías e Obras e servizo do Parque Móbil, adscritos as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Febreiro-2016. Ditas relacións inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día), que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 5,64 €/día. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de*

6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 27850/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senón que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e perigosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitradores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres consideralos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se

desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo do Parque móbil e do servizo de Vías e Obras que forman parte das brigadas de pavimentación e que realizan funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas

Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de Vías e Obras e do servizo do Parque Móbil que se relacionan nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de **439,92 €**, correspondente ao mes de .

**Segundo.-** Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

ANEXOS:

SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	56,40 €
81662	Barros González, Delio	56,40 €
17360	Bastos Román, Jesús	56,40 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	50,76 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	50,76 €
<b>TOTAIS</b>		<b>270,72 €</b>

SERVIZO DO PARQUE MOBIL

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
15881	Alonso Iglesias, Manuel	22,56 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	50,76 €
17331	Comesaña Pérez, Hipólito	28,20 €
14953	Fernández Rodríguez, Manuel	16,92 €
16142	Martíns Fernández, Juan A.	50,76 €
<b>TOTAIS</b>		<b>169,20 €</b>

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(311).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 27851/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/04/16, dáse conta do informe-proposta do 30/03/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Con data 02/03/2016, a xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saúdbable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de **Febreiro-2016**, así como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 470 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da “actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada”, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3.484,50 € anuais, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.*

*O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte desta Área de Recursos Humanos e Formación que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc.*

*No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 01/03/2016 figura relación do persoal , indicando Nº de persoal, datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Febreiro de 2016, debidamente asinado e conformado pola concelleira delegada da Área.*

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Real Decreto Legislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**A C O R D O :**

“Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de Febreiro de 2016, segundo o recollido na

*Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Trabajo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Trabajo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 1.116,44 €.*

*Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas en concepto de gratificacións, haberán de responder a servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.*

Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13570	Hermida Rodriguez, José Luis	558'22 €
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	558,22 €
	IMPORTE TOTAL.....	1.116,44 €

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(312).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR TRABALLAR O DÍA 24 E 25 DE DECEMBRO DE 2015 DE FUNCIONARIO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 27852/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/04/16, dáse conta do informe-proposta do 30/03/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*"Con data 11/03/2016, o subxefe do servizo de Extinción de Incendios, remite a esta Área de Recursos Humanos e Formación, escrito solicitando se lle abone a don Rogelio Álvarez Torres (nº persoal 20920), a cantidade de 260,58 € por traballar o día 24 e 25 de decembro de 2015, debido a que por un erro non foi incluído na relación do persoal do servizo que percibiu a gratificación por dito concepto.*

*As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos actualmente vixente, no seu apartado cuarto, letra d), establece que o persoal que traballa entre as 22'00 horas do día 24 de decembro e as 15'00 horas do día 25 decembro e, no mesmo horario os días 31 de decembro e 1 de xaneiro por necesidades do servizo, aboaráselle como compensación unha cantidade de 130'29 €/día, segundo a redacción dada no artº 16.B).a) do Acordo*

regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao Servizo do Concello de Vigo e o acordo do Pleno da Corporación de 31 de marzo de 2006.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en periodos sucesivos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPT. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**A C O R D O :**

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro de 2015, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2015 e 1 de



xaneiro de 2016 a don Rogelio Álvarez Torres (nº persoal 20920), fundamentada no informe emitido polo subxefe do servizo de Extinción de Incendios de data 08/03/2016, acreditativa e motivadora da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- "Gratificacións", por importe de 260,58 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por gratificacións durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina".

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(313).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 27878/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/04/16, dáse conta do informe-proposta do 30/03/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*"Distintos servizos e unidades municipais remitiron ao servizo de Recursos Humanos relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Febreiro-2016 (Inclúe horas do mes de Xaneiro-2015), todas elas co visto e praxe dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.*

*As instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), así mesmo que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 2'75 €/hora, para os traballos en horas nocturnas e 4,06 €/hora, para os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos.*

*A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :*

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Febreiro	115,00	466,90 €	16,00	44,00 €	510,90 €
Policía Local	Febreiro	8457,14	34.335,99 €	9097,07	25.016,94 €	59.352,93 €
Cemiterios	Febreiro	449,5	1.824,97 €	0,00	0,00 €	1.824,97 €
Extinción de Incendios	Febreiro	1315,00	5.338,90 €	386,00	1.061,50 €	6.400,40 €
Turismo	Febreiro	91,00	369,46 €	0,00	0,00 €	369,46 €
Museo	Febreiro	50,75	206,05 €	0,00	0,00 €	206,05 €
Bibliotecas	Xaneiro/Febrer	32,00	128,64 €	0,00	0,00 €	128,64 €
Parque Central	Febreiro	200,00	812,00 €	261,00	717,75 €	1.529,75 €
Participación Cidadá	Febreiro	12,00	48,72 €	0,00	0,00 €	48,72 €
IMD	Febreiro	1.177,50	4.780,65 €	493,25	1.356,44 €	6.137,09 €
Parque Móbil	Febreiro	16,00	64,96 €	67,00	184,25 €	249,21 €
Patrimonio Histo	Febreiro	32,00	129,92 €	0,00	0,00 €	129,92 €
Vigo-Zoo	Febreiro	278,28	1.129,82 €	0,00	0,00 €	1.129,82 €
Cultura	Febreiro	2,50	10,15 €	1,00	2,75 €	12,90 €
<b>TOTAL</b>		<b>12.228,67</b>	<b>49.647,12</b>	<b>10.321,32</b>	<b>28.383,63</b>	<b>78.030,75</b>

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Número de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.

De todos os xeitos e dadas as dificultades de comprensión das relacións de persoal, manifestadas pola Intervención Xeral, aclárase:

No caso dos choferes de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, é evidente que dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.

Propónse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.

Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da área.

Turismo.- informes de horas realizadas polo persoal do servizo de Turismo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe da xefa do servizo de Turismo, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.

Cultura.- informes de horas realizadas polo persoal de Cultura, por ter que asistir a actos no Auditorio os fins de semana, segundo informe do xefe do servizo de Cultura y Bibliotecas,

*conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, no que se achega relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Museo.- informes de horas realizadas polo persoal do Museo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe do xefe do servizo de Museos, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Bibliotecas.- informes de horas realizadas polo persoal de Bibliotecas, por horario de apertura en sábados, segundo informe do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Parque Central.- informes de horas realizadas polo persoal do Parque Central, horario e motivo polo que se realizaron ditas horas, asinado polo xefe do Servizo e conformado polo concelleiro-delegado de Fomento.*

*Participación Cidadá.- tal e como se recolle nos informes do Xefe do servizo de Participación Cidadá, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento da oficina Municipal de distrito "A Miñoa" en horario discontinuo en sábados, domingos ou festivos, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.*

*IMD.- Achegase informes do director técnico do IMD, no que se xustifica o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade no desempeño das funcións do persoal do servizo municipal de Deportes.*

*Parque Móbil.- Informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.*

*Patrimonio Histórico.- tal e como se recolle nos informes do Xefe do servizo de Patrimonio Histórico, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Interpretación Mundo Romano en horario discontinuo en sábados, domingos ou festivos, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.*

*Vigo-Zoo.- tal e como se recolle nos informes do Xefe do servizo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### **A C O R D O :**

*“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte*

distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Febreiro	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	466,90 €	44,00 €	510,90 €
Policía Local	Febreiro	De Abalde Casanova, Jesús Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	34.335,99 €	25.016,94 €	59.352,93 €
Cemiterios	Febreiro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.824,97 €	0,00 €	1.824,97 €
Extinción de Incendios	Febreiro	De Abreu Torres, Joaquin a Villar Gutierrez, Alberto	5.338,90 €	1.061,50 €	6.400,40 €
Turismo	Febreiro	De Díaz López, Emma a Barreiro Fidalgo, Natalia	369,46 €	0,00 €	369,46 €
Museo	Febreiro	Ogando López, José Manuel a Román Breijo, Manuel	206,05 €	0,00 €	206,05 €
Bibliotecas	Xaneiro/Febrer	De Aguiar Castro, César a Vázquez Ruiz de Ocenda, Josefa	128,64 €	0,00 €	128,64 €
Parque Central	Febreiro	De Alonso Alonso, Miguel Ángel a Rodríguez Leiros, Alfonso	812,00 €	717,75 €	1.529,75 €
Participación Cidadá	Febreiro	De Alonso Otero, Carmen	48,72 €	0,00 €	48,72 €
IMD	Febreiro	De Alonso Campa de la, Alberto a Viñas Hernández, Sonia	4.780,65 €	1.356,44 €	6.137,09 €
Parque Móbil	Febreiro	De Alonso González, Ángel a Hermida Sanmartín, Juan José	64,96 €	184,25 €	249,21 €
Patrimonio Histo	Febreiro	de Iglesias Alvarez, Nuria	129,92 €	0,00 €	129,92 €
Vigo-Zoo	Febreiro	De Armada Pereira, M <sup>a</sup> José a Rodríguez Lestón, José Manuel	1.129,82 €	0,00 €	1.129,82 €
Cultura	Febreiro	De Núñez Aboy, Marta	10,15 €	2,75 €	12,90 €
<b>TOTAL.....</b>			<b>49.647,12</b>	<b>28.383,63</b>	<b>78.030,75</b>

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de **78.030,75 €**, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **19(314).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVICIO: GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE DIVERSOS SERVICIOS MUNICIPAIS DENDE DECEMBRO 2015 A FEBREIRO 2016. EXPTE.: 27885/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/04/16, dáse conta do informe-proposta do 31/03/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos aos desprazamentos por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.*”

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Participación Cidadá, Conserxería, Mobilidade e Seguridade, Cemiterios e Educación.

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas Xefaturas de Servizo e conformadas polos Concelleiros/as Delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un importe de **1.556,23€**.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza por D. Gutiérrez Orúe, Francisco J. e que remata en Dña. Alonso Asenjo, Beatriz.-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Mes/período	Importe
12714-77	PARTICIP. CIDADÁ	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13894232-R	13920	Dec.15-Feb.16	59,94 €
7308-320		Zaragoza Bastos, Juan A.	35997315-E	17704	Xaneiro 16	63,84 €
398-201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36022162-E	13706	Febreiro 16	318,25 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36031496-H	17822	Febreiro 16	319,01 €
160010910	MOBILIDADE – SEG.	Roca Dafonte, José Manuel	32429643-B	15303	Febreiro 16	96,71 €
		Rodríguez Caramés, José M.	35547314-D	15355	Febreiro 16	180,12 €
		Bacelos González, José	36023371-N	15480	Febreiro 16	172,90 €
10778-255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36030284-W	76430	Febreiro 16	103,17 €
160028110	EDUCACIÓN	Codesido Rodríguez, J. Felipe	36081823-K	19399	Febreiro 16	129,39 €
160016907/160028110		Alonso Asenjo, Beatriz	35991455-C	15651	Xan.16-Feb.16	112,90 €
<b>TOTAL</b>						<b>1.556,23 €</b>

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 32 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" e aplicación 337.1.23020000 "Dietas do persoal" dos vixentes Orzamentos Municipais e seguintes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO:

"Aprobar o gasto por un importe de **1.556,23 €**, correspondente aos **desprazamentos** efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na Área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Gutiérrez Orúe, Francisco J. e que remata en Dña. Alonso Asenjo, Beatriz.-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Mes/período	Importe
12714-77	PARTICIP. CIDADÁ	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13894232-R	13920	Dec.15-Feb.16	59,94 €
7308-320		Zaragoza Bastos, Juan A.	35997315-E	17704	Xaneiro 16	63,84 €
398-201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36022162-E	13706	Febreiro 16	318,25 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36031496-H	17822	Febreiro 16	319,01 €
160010910	MOBILIDADE – SEG.	Roca Dafonte, José Manuel	32429643-B	15303	Febreiro 16	96,71 €
		Rodríguez Caramés, José M.	35547314-D	15355	Febreiro 16	180,12 €
		Bacelos González, José	36023371-N	15480	Febreiro 16	172,90 €
10778-255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36030284-W	76430	Febreiro 16	103,17 €
160028110	EDUCACIÓN	Codesido Rodríguez, J. Felipe	36081823-K	19399	Febreiro 16	129,39 €
160016907/160028110		Alonso Asenjo, Beatriz	35991455-C	15651	Xan.16-Feb.16	112,90 €
<b>TOTAL</b>						<b>1.556,23 €</b>

Das seguintes partidas funcionais:

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
	Participación Cidadá	123,78 €
9200	Conserxería	637,26 €
1330	Mobilidade e Seguridade	449,73 €

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
1640	Cemiterios	103,17 €
3230	Educación	242,29 €
	<b>TOTAL</b>	<b>1.556,23 €</b>

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(315).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:**

**A) AUTORIZACIÓN DE XORNADAS DE REFORZOS DA POLICÍA LOCAL CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2016. EXPTE. 27841/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 31/03/16, da xefa da área de RR HH e Formación:

*"ANTECEDENTES*

*1.- Recíbese solicitude de autorización de realización de 386 xornadas de reforzos a realizar no mes de ABRIL 2016 por efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local, formalizada polo Superintendente Xefe do Corpo, e conformado polo Sr. Concelleiro/a-delegado/a da Área de Mobilidade e Seguridade, en aplicación dos requisitos e condicións do Programa para a realización de reforzos por persoal do dito Corpo vixente no ano 2016 (acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2015). A necesidade de realización das citadas xornadas vén motivada no informe do Intendente Xefe e funcións (Decreto Alcaldía 11/12/2013), e cuantifícase o custe das mesmas nun importe de 82.987,74 €.*

*2.- A Intervención Xeral informa en data 31/03/2016 a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 9200.1500000 "Productividade", que contén crédito suficiente para cubrir o gasto proposto por un importe de 82.987,74 € euros.*

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I.- Segundo o Acordo marco para a realización de xornadas de reforzo por parte dos efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local de Vigo, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2013, a proposta formulada polo Superintendente Xefe ten por obxecto:*

- Garantir a presenza dun mínimo de 48 funcionarios no turno de mañán durante todo o ano.*
- Garantir a presenza dun mínimo de 38 funcionarios no turno da tarde durante todo o ano.*
- Procurar nos turnos de mañana e tarde, e no seu caso no da noite para as campañas específicas que poidan establecerse, un incremento medio de catro funcionarios por turno.*
- Diseñar e executar con eficacia e eficiencia cantas actuacións específicas resulten do exercicio das competencias propias: controis de velocidade; consumo de alcohol e outras sustancias prohibidas na conducción de vehículos; controis sobre os pasos de peóns e cruces regulados con semáforos; controis sobre o uso dos medios de seguridade pasiva na utilización de vehículos; controis específicos en materia de*

*seguridade cidadá –en particular, do fenómeno do botellón; controis sobre a ocupación do dominio público e de protección dos bens públicos; actuacións específicas en materia de violencia de xénero; actuacións específicas en materia de protección do medio ambiente; policía urbanística en canto ao control de actividades sin licenza ou non conformes á mesma; participar no mantemento da orde público nos espectáculos públicos, nas manifestacións e demais supostos de grandes concentracións de persoas, etc).*

**II.-** *Constitúe responsabilidade exclusiva da Xefatura do Corpo a verificación da efectiva realización dos servizos cuxa realización se propón autorizar polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa das datas e efectivos concretos de realización das mesmas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e normativa de concordante e procedente aplicación.*

**III.-** *O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 que recolle grande parte das limitacións impostas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, e Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público –en desenvolvemento desta última norma, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 09/03/2012, adoptou acordo de limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade-*

*Deste xeito, a Xefatura do Corpo deberá desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público, sempre atendendo ás especiais circunstancias da actividade policial nas entidades locais e ás características sociodemográficas concorrentes no termo municipal de Vigo.*

**IV.-** *A competencia para a autorización de realización de xornadas de reforzo por parte dos efectivos adscritos ao Corpo de Policía Local e conseguinte autorización do gasto inherente está expresamente delegada no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2015*

*En consecuencia, e á vista dos antecedentes e motivación expostos, efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

**“PRIMEIRO.-** *Autorizar a realización de 386 xornadas de reforzos a realizar no mes de ABRIL do ano 2016 por efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local, segundo a petición formalizada polo Superintendente Xefe do Corpo, e conformado polo Sr. Concelleiro/a-delegado/a da Área de Seguridade, en aplicación dos requisitos e condicións do Programa para a realización de reforzos por persoal do dito Corpo vixente no ano 2016 (acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2015).*

**SEGUNDO.-** *Autorizar o gasto que en tal concepto se derive por un importe total de 82.987,74 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade) dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2016.*



*TERCEIRO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, pola Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, sendo responsabilidade directa da xefatura do Corpo a non superación dos límites citados, a salvo de circunstancias de extrema e excepcional gravidade e necesidade, nos termos da lexislación vixente.*

*CUARTO.- Dispoñer a inclusión na nómina municipal de cada un dos efectivos incorporados ao Programa de reforzos 2016 dos importes que en concepto de produtividade se devenguen como consecuencia da realización dos servizos de reforzo indicados, nos termos da previa relación nominal expresiva e acreditativa de tal extremo que deberá remitir a Xefatura do Corpo ao Servizo de Recursos Humanos a tal efecto.*

*QUINTO.- Notificar a presente resolución á Xefatura do Corpo da Policía Local, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área correspondente e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 31/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

## **B) AUTORIZACIÓN DE HORAS PARA O PERSOAL DO SERVIZO DE CONSERXERÍA CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016. EXPTE. 27633/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 04/02/2016, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e Formación:

*“En data 29/01/2016 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o servizo de Conserxería, asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a xefa de Negociado do Gabinete da Alcaldía, a fin de ser realizadas por parte dos empregados que se relacionan no devandito escrito.*

*Por parte do servizo solicitante estímase un total de 70 horas, a realizar durante os meses de Febreiro e Marzo de 2016, para realizar os traballos de para atender servizos urxentes solicitados pola Alcaldía.*

*Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 01/02/2016 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.*

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:*

*Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de*

que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola lexislación vixente e normativa de concordante e procedente aplicación.

O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, entre outras normas, e polo acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do 29/01/2016, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

Considerando a motivación exposta e previo informe de fiscalización, vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de 19/06/2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

*"Primeiro.- Autorizar a realización de exceso de xornada polo persoal municipal adscrito ao servizo de Conserxería, que seguidamente se indica:*

Posto	Servizo	NP	Nome
Ordenanza	Conserxería	79495	González Peinado, M <sup>a</sup> de los Ángeles
Ordenanza	Conserxería	79844	Ocampo Carracelas, Vanesa
Ordenanza	Conserxería	22540	Villares Vila, Modesta
Xefa de Servizo	Conserxería	80698	Vázquez Álvarez, Rosa
Ordenanza	Conserxería	80477	Parente Vigo, Teresa
Ordenanza	Conserxería	09700	Rodríguez Fernández, J. Luis
Ordenanza	Conserxería	12055	Fernández Alonso, J. Ángel

Oficial Pintor	Conserxería	15036 Albor Rodríguez, Javier
Ordenanza	Conserxería	82159 Bueno Alonso, Diego
Ordenanza	Conserxería	79655 Leira Pérez, Xosé Ramón

A presente autorización outórgase nun máximo total de 70 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de febreiro ao 31 de marzo de 2016, nos termos dos escritos asinados polo xefe/a do servizo de Conserxería en data 28/01/2016, que serán compensadas segundo o previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 29/01/2016, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, nos termos do establecido Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 17/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

### **C) AUTORIZACIÓN DE HORAS PARA O PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE CENTRAL CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016. EXPTE. 27788/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 17/03/2016, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH conformado pola xefa da área de RR HH e Formación:

“1.- En data 03/03/2016 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral do servizo do Parque Central, asinadas polo xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados que se indican no informe da técnica de Organización e Xestión de RRHH de data 02/03/2016.

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 450 horas, a realizar durante os meses de abril, maio e xuño de 2016, para realizar os traballos de adecuación dos almacéns e instalacións interiores e exteriores en cumprimento dos informes técnicos do servizo de Prevención sen obstaculizar os movementos diarios de materiais e/ou persoas no horario habitual.

Entrega e recollida de bicicletas na campaña de "Unha bici un sorriso".

Apertura de instalacións para o persoal de Limpeza e Vigoemprega.

Cubrir as quendas dos vixiantes das instalacións do Parque Central ante imprevisibels ausencias.

Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 10/03/2016 ordenou a esta Área de Recursos Humanos e Formación a tramitación administrativa da petición indicada.

Por parte desta Área, estímase necesario sinalar que:

Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola lexislación vixente e normativa de concordante e procedente aplicación.

O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, entre outras normas, e polo acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do 29/01/2016, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

Visto o informe de fiscalización do servizo de Intervención de data 15/03/2016, onde presta a súa conformidade o informe da Área de Recursos Humanos e Formación,

Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Resolución do Excmo. Sr. Alcalde de data 19/04/2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a realización de exceso de xornada polo persoal municipal adscrito ao servizo do Parque Central, que de seguido se indica:

Posto	Servizo	NP	Apelidos e Nome
Oficial Almaceneiro/a	Parque Central de Servizos	7232	Abelleira Porrua, Guillermo
Xefe/a Equipo Oficinos	Parque Central de Servizos	17242	Alonso Alonso, Miguel Ángel
Oficial Electricista	Parque Central de Servizos	22786	Arias Rodríguez, Damaso
Of Conductor/a Palista	Parque Móbil	80659	Carballo Magariños, Jesús
Oficial Conductor	Parque Móbil	15272	Comesaña Davila, Jose A.
Oficial Conductor/a	Parque Móbil	79385	Comesaña Fernández, Luis
Oficial Conductor/a	Parque Móbil	13209	Cuervo Coomonte, Luciano
Axudante Oficinos	Parque Central de Servizos	76590	Fernández Alberte, Severino J.
Oficial Conductor	Parque Móbil	23260	Martínez Bastos, Emilio
Xefe de Equipo	Parque Móbil	17354	Pérez Fernández, Jose A.
Vixiante Xeral	Parque Central de Servizos	15438	Rodríguez Leirós, Alfonso
Oficial Almacenero	Parque Central de Servizos	11854	Rodríguez Lestón, Bernardo
Oficial Conductor/a	Electromecánicos	80359	Rodriguez Boente, Eduardo

A presente autorización outórgase nun máximo total de 450 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2016, nos termos dos escritos asinados polo xefe/a do servizo de Vías e Obras e Infraestructuras de data 02/03/2016, que serán compensadas segundo o previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 29/01/2016, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 17/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

#### **D) AUTORIZACIÓN DE HORAS PARA O PERSOAL DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DE OBRAS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016. EXPTE. 27783/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 17/03/2016, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH conformado pola xefa da área de RR HH e Formación:

1.- En data 02/03/2016 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral do servizo de Vías e Obras (Inspección Obras), asinadas polo xefe do servizo de Vías e Obras e Infraestructuras e conformado polo/a Sr/Sra Concelleiro/a

*delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados que se indican no informe do xefe do servizo de Vías e Obras e Infraestructuras de data 02/03/2016.*

*Por parte do servizo solicitante estímase un total de 240 horas, a realizar durante os meses de abril, maio e xuño de 2016, para realizar os traballos de control de reparación de beirarrúas, aglomerados dos viais, colectores de saneamento e abastecemento, construción de canalizacións e acometidas de gas natural, telecomunicacións e eléctricas; rede de abastecemento e saneamento de augas; tramitación de licenzas de expedientes de canalizacións e acometidas, reclamacións de danos ou devolucións de avais; humanizacións, etc.*

*Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 04/03/2016 ordenou a esta Área de Recursos Humanos e Formación a tramitación administrativa da petición indicada.*

*Por parte desta Área, estímase necesario sinalar que:*

*Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.*

*No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.*

*Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola lexislación vixente e normativa de concordante e procedente aplicación.*

*O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, entre outras normas, e polo acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do 29/01/2016, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.*

*Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.*

Visto o informe de fiscalización do servizo de Intervención de data 15/03/2016, onde presta a súa conformidade o informe da Área de Recursos Humanos e Formación,

Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Resolución do Excmo. Sr. Alcalde de data 19/04/2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

*“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao servizo de Vías e Obras (Inspección Vías e Obras), que seguidamente se indica:*

Nº Persoal	Apelidos e Nome
11682	Villar Estévez, Raimundo
11819	Gómez Pascual, Julio
11831	Matilde Viñas, Eugenio
10694	Salgueiro Piñeiro, Benigno
17740	Oujo Gerut, Ventura

A presente autorización outórgase nun máximo total de 240 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2016, nos termos dos escritos asinados polo xefe/a do servizo de Vías e Obras e Infraestructuras de data 02/03/2016, que serán compensadas segundo o previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 29/01/2016, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

*Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.*

*Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 17/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**E) AUTORIZACIÓN DE HORAS PARA O PERSOAL DO TALLER DE VÍAS E OBRAS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016. EXPTE. 27772/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 17/03/2016, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH conformado pola xefa da área de RR HH e Formación:

*"En data 03/03/2016 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral do persoal do Taller de Vías e Obras, asinada polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, polo xefe do servizo de Vías e Obras e Infraestructuras e conformado polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados que se indican no informe do xefe da Unidade de Mantemento de Vía Municipais de data 02/03/2016.*

*Por parte do servizo solicitante estímase un total de 1.050 horas, a realizar durante os meses de Abril, Maio e Xuño de 2016, para canalización de augas pluviais, arranxo de afundimentos en calzadas e beirarrúas, limpeza e desatoamento de reixas e entubados de augas pluviais, selado de camiños despois do asfaltado, subministro de materiais e apoio loxístico equipos programa VIGO EMPREGA, Retirada de rebouzas dos camiños, colocación de placas e bastidores para inauguracións, Inspección de traballos contratados externamente e Estendido de sal por mor das xeadas.*

*Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 03/03/2016 ordenou a esta Área de Recursos Humanos e Formación a tramitación administrativa da petición indicada.*

*Por parte desta Área, estímase necesario sinalar que:*

*Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.*

*No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.*

*Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola lexislación vixente e normativa de concordante e procedente aplicación.*

*O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, entre outras normas, e polo acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do 29/01/2016, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.*



*Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.*

*Visto o informe de fiscalización do servizo de Intervención de data 15/03/2016, onde presta s súa conformidade o informe da Área de Recursos Humanos e Formación,*

*Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Resolución do Excmo. Sr. Alcalde de data 19/04/2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*“Primeiro.- Autorizar a realización de exceso de xornada polo persoal municipal adscrito ao Taller de Vías e Obras, que seguidamente se indica:*

Posto	Servizo	NP	Apelidos e Nome
Capataz	Parque Central de Servizos	13669	Martínez González, José Manuel
Capataz	Parque Central de Servizos	13681	Rodríguez Prieto, Federico
Capataz	Parque Central de Servizos	17348	Mariño Sanromán, Roberto
Axudante de Oficios	Parque Central de Servizos	78823	Amoedo Cabaleiro, José Luis
Oficial fontaneiro	Parque Central de Servizos	17779	Vázquez de Francisco, José Luis
Xefe de Equipo	Parque Central de Servizos	13480	Alonso Correa, José Fernando
Axudante de Oficios	Parque Central de Servizos	80395	Portomeñe Correia, Lucía
Oficial carpinteiro	Parque Central de Servizos	79148	Fernández González, Miguel Angel
Oficial carpinteiro	Parque Central de Servizos	77221	Castro Regueira, José Carlos
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	17360	Bastos Román, Jesús
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	76566	López Rivera, Juan Ramón
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	17390	Alonso Cue, Ángel
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	81662	González Barros, Delio
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	80672	Martínez Barreiro, José Manuel
Xefe de Equipo	Parque Central de Servizos	79133	Calles Santos, Primitivo
Oficial Albanel	Parque Central de Servizos	80492	Martínez Vieitez, José Manuel
Oficial Albanel	Parque Central de Servizos	77393	Goberna Trigo, Fidel
Axudante de Oficios	Parque Central de Servizos	82150	Gutiérrez Luis, José Manuel
Oficial conductor	Parque Móbil	77650	Fernández Riveiro, Javier
Oficial conductor	Parque Móbil	80659	Carballo Magariños, Jesús
Oficial conductor	Parque Móbil	13221	Prieto Domínguez, Florentino
Oficial conductor	Parque Móbil	15881	Alonso Iglesias, Manuel
Oficial conductor	Parque Móbil	82143	Graña Feijoo, David
Oficial conductor	Parque Móbil	82144	Troncoso Martínez, Avelino
Oficial almacenheiro	Parque Central de Servizos	11854	Rodríguez Lestón, Bernardo
Xefe de equipo	Parque Central de Servizos	17354	Pérez Fernández, José Alfonso

A presente autorización outórgase nun máximo total de 1.050 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril eo 30 de xuño de 2016, nos termos dos escritos asinados polo xefe/a da Área de Servizos Xerais de data 19/01/2016, que serán compensadas segundo o previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 29/01/2016, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 17/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**21(316).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO PARA A ORGANIZACIÓN DO “FESTIVAL ALTERNATIVO DE ARTES ESCÉNICAS DE VIGO-ALT’16”. EXPTE. 751/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/03/16 e o informe de fiscalización do 01/04/16, dáse conta do informe-proposta do 14/03/16, do xefe do servizo de Promoción e Xestión Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data 16 de febreiro de 2016, a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 18 de febreiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización do Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT’16, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.05 do orzamento municipal vixente.

**ANTECEDENTES.-**

A ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a promoción e divulgación do teatro alternativo, para o que leva quince anos organizando o Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT.

### PROGRAMA E ORZAMENTO

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no mes de marzo según o seguinte:

#### MÉRCORES 9

- AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 19:00 h.  
CÍA. LICENCIADA SOTELO (GALICIA): "AMOR ERROR"

#### XOVES 10

- MARCO. 20:00 h.  
LOUISA MERINO (MADRID): "THE FORMERLY PILGRIMAGE"
- AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 21:30 h.  
SOCIETAT DR. ALONSO (CATALUÑA): "RUBLEV"  
(co-produción do ALT e Temporada Alta de Girona)

#### VENRES 11

- MARCO. 20:00 h.  
WOOSHING MACHINE (BÉLXICA): "HAPPY HOUR"
- AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 22:00 h.  
MATARILE TEATRO (GALICIA): "EL CUELLO DE JIRAFÁ"

#### SÁBADO 12

- INSTITUTO CAMOES-CASA DE ARINES. 12:00 h.  
MESA DE CREADORAS (Varias procedencias)
- CASA DAS ARTES. 18:00 h.  
A MERCÉ DAS CIRKUNSTANZIAS (GALICIA-SUIZA-ITALIA). "LOST&DEAD IN THUNDERLAND"
- MARCO. 20:00 h.  
VERTEBRO TEATRO (ANDALUCIA): "ORO"
- AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 22:00 h.  
MATARILE TEATRO (GALICIA): "EL CUELLO DE JIRAFÁ"
- MARCO. 22:00 h.  
LA SAUNA INTERNACIONAL (VALENCIA): "QUE PASA CUANDO NO PASA NADA".

### DOMINGO 13

➤ AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 18:00 h.

EDITA BRAUN COMPANY (AUSTRIA): "PÀULA"

➤ MARCO.20:00 h.

SONIA GÓMEZ (CATALUÑA) & JAVIER CARO (CANARIAS): "BAILARINAS"

*A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola entidade, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 36.504 € (trinta e seis mil cincocentos catro euros), financiándose en parte coas seguintes achegas:*

- Concello de Vigo: 10.000 € (27,39 %)
- Xunta de Galicia: 5.000 € (13,70 %)
- Universidade de Vigo: 3.500 € (9,59 %)
- Aportación entidade: 5.000 € (13,70 %)
- Venda de entradas: 2.000 € (5,48 %)
- Instituto Camoes: 500 € (1,37 %)

### DOCUMENTACIÓN.-

*Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:*

- *Proxecto e presuposto da actividade*
- *Fotocopia do CIF da entidade*
- *Fotocopia dos estatutos da entidade*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social*
- *Certificación da conta bancaria*
- *Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.*
- *Declaración doutras axudas.*
- *Escrito de data 9 de marzo de 2016, asinado polo presidenta da ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á organización do Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'16.*

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

*A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO para a organización do Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'16, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.*

*A ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2016, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.*

*De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.*

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

*O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.*

*O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.*

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

*A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO ten como obxecto financiar a organización do Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'16, e figura na aplicación **3340.489.00.05** do orzamento municipal vixente, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.*

*A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.*

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO

*A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.*

*Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte*

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, CIF G-36.891.323, para o financiamento da organización do Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'16, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.05 "CONVENIO NOESCAFÉ. FESTIVAL ALTERNATIVO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa anual de concertos durante o exercicio 2016."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MAILA ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNATIVO DE ARTES ESCÉNICAS DE VIGO-ALT'16

En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezaseis

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D<sup>a</sup>. MARÍA DOLORES CORREA SOBRIDO, na súa condición de presidenta da entidade ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, CIF G-36.891.323, e enderezo social na rúa Pizarro, 89, 6º B, CP 36204, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a promoción e divulgación do teatro alternativo, para o que leva quince anos organizando o Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, de interese social e cultural toda vez que complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación de teatro e danza estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.*

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.05, como subvención nominativa, a favor da ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, a cantidade de 10.000 euros.

IV.- Que a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para a organización do *Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'16*, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

### SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 36.504 € (trinta e seis mil cincocentos catro euros), financiándose en parte coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (27,39 %)
- Xunta de Galicia: 5.000 € (13,70 %)
- Universidade de Vigo: 3.500 € (9,59 %)
- Aportación entidade: 5.000 € (13,70 %)
- Venda de entradas: 2.000 € (5,48 %)
- Instituto Camoes: 500 € (1,37 %)

### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no mes de marzo según o seguinte:

#### MÉRCORES 9

➤ AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 19:00 h.

CÍA. LICENCIADA SOTELO (GALICIA): "AMOR ERROR"

### XOVES 10

➤ MARCO. 20:00 h.

LOUISA MERINO (MADRID): *"THE FORMERLY PILGRIMAGE"*

➤ AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 21:30 h.

SOCIETAT DR. ALONSO (CATALUÑA): *"RUBLEV"*

(co-producción do ALT e Temporada Alta de Girona)

### VENRES 11

➤ MARCO. 20:00 h.

WOOSHING MACHINE (BÉLXICA): *"HAPPY HOUR"*

➤ AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 22:00 h.

MATARILE TEATRO (GALICIA): *"EL CUELLO DE JIRAFÁ"*

### SÁBADO 12

➤ INSTITUTO CAMOES-CASA DE ARINES. 12:00 h.

MESA DE CREADORAS (Varias procedencias)

➤ CASA DAS ARTES.18:00 h.

A MERCÉ DAS CIRKUNSTANZIAS (GALICIA-SUIZA-ITALIA). *"LOST&DEAD IN THUNDERLAND"*

➤ MARCO. 20:00 h.

VERTEBRO TEATRO (ANDALUCIA): *"ORO"*

➤ AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 22:00 h.

MATARILE TEATRO (GALICIA): *"EL CUELLO DE JIRAFÁ"*

➤ MARCO. 22:00 h.

LA SAUNA INTERNACIONAL (VALENCIA): *"QUE PASA CUANDO NO PASA NADA"*.

### DOMINGO 13

➤ AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 18:00 h.

EDITA BRAUN COMPANY (AUSTRIA): *"PÀULA"*

➤ MARCO.20:00 h.

SONIA GÓMEZ (CATALUÑA) & JAVIER CARO (CANARIAS): *"BAILARINAS"*

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Roberto Taboada, coordinador de actividades.



2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
3. Ceder os espazos de titularidade municipal para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio: Auditorio Municipal do Concello, salón de actos do MARCO e Casa das Artes (1º andar)

#### SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e,

especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como limite o 1 de outubro de 2016
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente

o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2016 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2016, e non será prorrogable.

#### DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área  
de Cultura

Cayetano Rodríguez Escudero

A presidenta da Asociación Cultural  
Noescafé Teatro

M<sup>a</sup> Dolores Correa Sobrido

#### ANEXO I

#### ORZAMENTO DO FESTIVAL DE ARTES ESCÉNICAS DE VIGO-ALT'16

##### 1.- GASTOS:

Difusión e Publicidade	5.800 €
Alugamentos, servizos e equipamentos	6.194 €
Caches de compañías e artistas	16.510 €
Viaxes, dietas e aloxamentos	5.000 €
Xestión, produción e organización	3.000 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>36.504 €</b>

##### 2.- INGRESOS:

Subvención Concello de Vigo	10.000 €
Xunta de Galicia	5.000 €

Aportación da entidade	5.000 €
Universidade de Vigo	3.500 €
Venda de entradas	2.000 €
Instituto Camoes	500 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>26.000 €</b>

**22(317).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA REDE MUSEÍSTICA E EXPOSITIVA. EXPTE. 457/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/03/16, dáse conta do informe-proposta do 03/03/16, do xefe do servizo de Museos municipais, conformado polo xefe do servizo de Promoción e Xestión Cultural, polo secretario de Admon. Municipal, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“Con data 18 de agosto de 2014 asinouse o contrato de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede museística e expositiva (expte 457/341) entre o Concello de Vigo e a UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL E SERVIZOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL, CIF U70420203.*

*O contrato fora adjudicado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria do 23 de xuño de 2014; os pregos de cláusulas técnicas (PPT) e administrativas (PCAP) que rexen para este contrato, e forman parte del, foran aprobados pola Xunta de Goberno Local do 13 de setembro de 2013.*

*O prazo do contrato é de tres anos, contados dende o 1 de setembro de 2014 e o prezo é de 1.663.328,72 € (un millón seiscentos sesenta e tres mil trescentos vinte e oito mil euros, con setenta e dous céntimos), IVE incluído.*

*Os prezos unitarios de licitación, que figuran no apartado 3.F da Folla de Especificacións do Contrato (FEC) do PCAP, para os servizos de vixilancia de seguridade foron os seguintes:*

*Laborable Diurna.- 17,25 €, sen IVE / 20,87 €, con IVE*

*Festiva Diurna.- 18,49 €, sen IVE / 22,37 €, con IVE*

*Laborable Nocturna.- 18,80 €, sen IVE / 22,75 €, con IVE*

*Festiva Nocturna.- 20,04 €, sen IVE / 24,25 €, con IVE*

*E os importes de licitación anual para o mantemento de sistemas de seguridade ascenden a: 20.228,20 € anuais, sen IVE, ou 24.476,12 €/anuais, con IVE.*

*De acordo coa oferta da empresa adjudicataria UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL E SERVIZOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL e o acordo da XGL de adjudicación (23 de xuño de 2014) rixe unha baixa do 7,06 % proporcional única para os servizos unitarios dos servizos de vixilancia e o prezo anual do servizo de mantemento.*

Os prezos unitarios de adxudicación, unha vez aplicada a baixa ofertada, para os servizos de vixilancia de seguridade son os seguintes:

Laborable Diurna.- 16,03 €, sen IVE / 19,40 €, con IVE

Festiva Diurna.- 17,18 €, sen IVE / 20,79 €, con IVE

Laborable Nocturna.- 17,47 €, sen IVE / 21,14 €, con IVE

Festiva Nocturna.- 18,63 €, sen IVE / 22,54 €, con IVE

E os importes de adxudicación anual para o mantemento de sistemas de seguridade son a: 18.800,09 €/anuais, sen IVE, ou 22.748,11 €/anuais, con IVE.

#### REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

A cláusula 30 do PCAP sobre “REVISIÓN DE PREZOS” establece:

“1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ó responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

2.- O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.”

E o apartado 3.J da FEC dice que “Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe, e recollerá o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.”

Procede realizar a primeira revisión de prezos por cumprirse as condicións establecidas no PCAP: xa ten transcorrido máis dun ano dende a formalización do contrato (14 de agosto de 2014) e xa se ten executado máis do 20% do seu importe (494.039,47 € -29,70%-, nos primeiros 12 meses de servizos do contrato -setembro 2014/xullo 2015; ou 727.848,56 € -43,76%-, nos 16 meses transcorridos dende o inicio das prestacións -setembro 2014/dembro 2015-; respecto ao máximo de 1.663.328,72 € previsto no contrato para as tres anualidades).

Data de adxudicación do contrato.- 23 de xuño de 2014.

Data de sinatura do contrato.- 18 de agosto de 2014.

Data de revisión.- 19 de agosto de 2015 (un ano dende a formalización do contrato).

Data de finalización de presentación de ofertas.- 2 de novembro de 2013.

Fórmula para a revisión.- 50% da variación do IPC nacional, no período definido no apartado 3.J das FEC.

Período de revisión.-



A) Dende a data de revisión (19 de agosto de 2015) e a data de adxudicación do contrato (23 de xuño de 2014), sempre que esta -a data de adxudicación- se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas (2 de novembro de 2013). Neste caso teñen transcorrido máis de 3 meses entre a data de adxudicación e a data de finalización de ofertas (máis de 7 meses); por tanto non sería de aplicación este suposto.

B) ou entre a data de revisión (19 de agosto de 2015) e a data de adxudicación do contrato sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas (que non é o caso) ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses -dende a data de finalización de presentación de ofertas- e que se correspondería co 2 de febreiro de 2014, se a adxudicación se produce con posterioridade (23 de xuño de 2014).

Por tanto o período para aplicar a fórmula de revisión sería o comprendido entre o 19 de agosto de 2015 e o 2 de febreiro de 2014.

Importe da variación do prezo.-

A variación do IPC nacional entre o período febreiro de 2014 e agosto de 2015 é do -0,1 % (menos unha décima de punto); polo que a variación do prezo do contrato a aplicar é do -0,05 % (menos cinco centésimas de punto), que supón o 50% da variación do IPC no período correspondente.

Período do novo prezo do contrato.-

O período de aplicación do novo prezo do contrato sería dende o 19 de agosto de 2015 ata o 18 de agosto de 2016.

NOVOS PREZOS DO CONTRATO.-

Os prezos unitarios derivados da aplicación da variación de prezos, para os servizos de vixilancia de seguridade son os seguintes:

Laborable Diurna.-  $16,03 \text{ €} - 0,008015 = 16,02 \text{ €}$ , sen IVE / 19,38 € con IVE.

Festiva Diurna.-  $17,18 \text{ €} - 0,00859 = 17,17 \text{ €}$ , sen IVE / 20,78 con IVE.

Laborable Nocturna.-  $17,47 \text{ €} - 0,008735 = 17,46 \text{ €}$ , sen IVE / 21,13 con IVE.

Festiva Nocturna.-  $18,63 \text{ €} - 0,009315 = 18,62 \text{ €}$ , sen IVE / 22,53 con IVE.

E os importes anuais derivados da aplicación da variación de prezos, para o mantemento de sistemas de seguridade son:  $18.800,09 \text{ €} - 9,40045 = 18.790,69 \text{ €}$ , sen IVE, ou 22.736,73 €, con IVE; anual. (Mantemento trimestral:  $4.697,67 \text{ €}$  sen IVE/ 5.684,18 con IVE).

IMPORTE A REGULARIZAR COA PRIMEIRA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

Coa primeira revisión dos prezos do contrato compre, por parte da empresa adxudicatária, regularizar os importes facturados entre o período 19 de agosto de 2015 e 29 de febreiro de 2016, que serían os seguintes:

Período 1 de setembro 2015-29 de febreiro 2016.- Facturado: 219.732,68 €, sin IVE / 265.876,54 € con IVE.

Período 19 ao 31 de agosto de 2015.- Importe: 17.064,85 €, sin IVE / 20.648,47 € con IVE, correspondentes a 605 h. laborables diurnas, 213 h festivas diurnas, 144 h laborable nocturnas e 64 h festivas nocturnas (Total facturado mes de agosto: 41.689,54 € / 50.444,34 €, con IVE.)  
Total facturación 19 de agosto 2015 a 29 de febreiro de 2016.- 236.797,53 €, sin IVE / 286.525,01 € con IVE.

Importe a regularizar.- -118,40 € máis IVE; total -143,26 € co IVE incluído a descontar na primeira factura emitida despois da notificación do acordo.

Polo exposto, coa conformidade co Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o informe da Intervención Xeral faise á seguinte PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1.- Que se aproben os novos prezos unitarios do contrato de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede museística e expositiva (expte 457/341), suscrito entre o Concello de Vigo e a UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL E SERVIZOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL, CIF U70420203; de acordo co establecido na cláusula 30 do PCAP sobre "REVISIÓN DE PREZOS" e o apartado 3.J da FEC que dí: "Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe, e recollerá o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade."

Data de adxudicación do contrato.- 23 de xuño de 2014.

Data de sinatura do contrato.- 18 de agosto de 2014.

Data de revisión.- 19 de agosto de 2015 (un ano dende a formalización do contrato).

Fórmula para a revisión.- 50% da variación do IPC nacional, no período definido no apartado 3.J das FEC.

Período de revisión.- Entre o 19 de agosto de 2015 e o 2 de febreiro de 2014.

Importe da variación do prezo.- -0,05 % (menos cinco centésimas de punto), que é o 50% da variación do IPC nacional entre febreiro de 2014 e agosto de 2015 (-0,1 %, menos unha décima de punto).

Período do novo prezo do contrato.-

O período de aplicación do novo prezo do contrato sería dende o 19 de agosto de 2015 ata o 18 de agosto de 2016.

Os novos prezos unitarios derivados da aplicación da variación de prezos, para os servizos de vixilancia de seguridade son os seguintes:

Hora Laborable Diurna.- 16,02 €, sen IVE; 19,38 €, con IVE

Hora Festiva Diurna.- 17,17 €, sen IVE; 20,78 €, con IVE

*Hora Laborable Nocturna.- 17,46 €, sen IVE; 21,13 €, con IVE*

*Hora Festiva Nocturna.- 18,62 €, sen IVE; 22,53 €, con IVE*

*Mantemento anual dos sistemas de seguridade.- 18.790,69 €, sen IVE; 22.736,73 €, con IVE; anual. (Mantemento trimestral: 4.697,67 € sen IVE/ 5.684,18 con IVE).*

*2.- Que a regularización de prezos para o período 19 de agosto de 2015 ao 29 de febreiro de 2016, por un importe de -143,26 € (menos cento corenta e tres euros con vinteseis céntimos), co IVE incluído se realice na primeira factura emitida pola empresa adxudicataria unha vez que lle sexa notificado este acordo.*

*3.- Que a partir da notificación do acordo da aprobación de novos prezos a empresa adxudicataria facture a prezos actualizados sinalados no punto 1.- deste acordo.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(318).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA NO MES DE MARZO DE 2016. EXPTE. 789/330.**

Dáse conta do informe-proposta do 04/04/16, do xefe do servizo de Promoción e Xestión Cultural:

*En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, no mes de MARZO de 2016.*

*SERVIZO: Área de Cultura*

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
769/330	11/03/16	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REVISIÓN E ADECUACIÓN DOS ELEMENTOS DE ELEVACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, CON SUBSANACIÓN DE POSIBLES DEFICIENCIAS	3330.227.99.00	22381	4.474,58 €	BAEZA METAL, S.L.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**24(319).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE MARZO DE 2016. EXPTE. 1490/341.**

Dáse conta do informe-proposta do 01/04/16, do xefe do servizo de Museos municipais, conformado polo xefe do servizo de Promoción e Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura:

“En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) nos meses de xaneiro e febreiro, e que son os que deseguido se relacionan:

**MARZO 2016**

CENTRO OU SERVICIO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO (341)	Expte. 1466-341. Deseño de material gráfico e difusión da exposición Noite Branca 2016. Tamara Casás Roca. RCM 20992.	07/03/16	1.875,50 €
SERVIZO (341)	Expte. 1468-341. Contrato privado de gasto menor para o seguro das obras para a exposición “Teatro Keyzán: 50 anos de creación escénica. Vigo 1966-2016”. Axa Art. RCM 20549.	01/03/16	327,38 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5632-337. Restauración de materiais arqueolóxicos do Museo Quiñones de León. BIC materiais y conservación SLL. RCM 22042.	10/03/16	4.840,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5636-337. Reserva xenérica de crédito para pequenas intervencións de restauracións no Museo Quiñones. RCM 22041.	11/03/16	1.500,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5639-337. Reserva xenérica de crédito para servizos de mensaxería e distribución do Museo. RCM 23993.	17/03/16	500,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5625-337. Contratación póliza de seguro da colección de Arte Galega do Museo Quiñones, no período 15 de marzo ao 31 decembro 2016. RCM 21158.	08/03/16	7.834,67 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5618-337. Servizo de porteo, demontaxe e traslado de obras da exposición “Vigo, paisaxes doutra época”. RCM 21157.	08/03/16	2.538,28 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5635-337. Reserva xenérica de crédito para traballos especializados. RCM 22044.	10/03/16	1.500,00 €

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5611-337. Contrato menor de servizos para mantemento do sistema de climatización do Museo Municipal "Quiñones de León". RCM 20989.	04/03/16	585,72 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**25(320).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTA URBANÍSTICA (EXPEDIENTE SANCIONADOR 15784/423). EXPTE. 8859/407.**

Dáse conta do informe-proposta do 17/03/2016, da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos da XMU, conformado polo xerente da XMU, que di o seguinte:

*"Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*No ano 2012 impúxose unha multa sancionadora a don Eduardo Vila Pereira (36093313B) pola realización de obras de ampliación da vivenda unifamiliar e galpón en Monte Calvario n.º 8 sen a preceptiva licenza municipal. Dita multa non foi ingresada en período voluntario, polo que debe pasar á vía de constrinximento.*

*De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio".*

*O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Quedar enterada da multa sancionadora de 6.001 euros imposta a don Eduardo Vila Pereira (36093313B), o 27 de abril de 2012 no expediente sancionador 15784/423, que se remite ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio."*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**26(321).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.